



MANIFESTO
CONTRA
O
TRABALLO

-
GRUPO KRISIS

estaleiroeditora. ensaio

MANIFESTO
CONTRA
O
TRABALLO

-

GRUPO KRISIS

Grupo Krisis
Estaleiro Editora, 2009

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Tradución:
Alba Viñas
Ángela Tajés

Deseño e maquetación:
Nadina Bértolo
X. Carlos Hidalgo

Depósito Legal: S-2009-xxxx
ISBN: 978-84-612-6856-6
Impreso en: Publidisa

Ilustración capa: Gustave Doré.

p.49: Grabado, Producción de tabaco, anónima.

p.55: Grabado, Producción de tabaco, anónima.


p.61: Ilustración do xornal satírico El Papagayo, 1842.


p.97: Grabado, E.Zarza, 1848.


p.103: Gustave Doré (detalle).



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.

 **BY:** Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.

 **ND:** Non derivados: Non se pode alterar, transformar, modificar ou reconstruír os textos nin as imaxes.

 **NC:** Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

ÍNDICE

NOTA EDITORIAL	9
1. O SEÑORÍO DO TRABALLO MORTO	11
2. A SOCIEDADE NEOLIBERAL DO APARTHEID	14
3. O APARTHEID DO ESTADO NEO-SOCIAL	18
4. AGUZAMENTO E DESMENTIDO DA RELIXIÓN DO TRABALLO	24
5. O TRABALLO É UN PRINCIPIO DE COERCIÓN SOCIAL	28
6. TRABALLO E CAPITAL SON AS DÚAS CARAS DA MESMA MOEDA	32
7. O TRABALLO É DOMINIO PATRIARCAL	36
8. TRABALLAR É A ACTIVIDADE DOS INMADUROS	40
9. A SANGUENTA HISTORIA DA IMPOSICIÓN DO TRABALLO	43
10. O MOVEMENTO OBREIRO ERA UN MOVEMENTO POLO TRABALLO	50
11. A CRISE DO TRABALLO	56
12. O FINAL DA POLÍTICA	62
13. A SIMULACIÓN CASINO-CAPITALISTA DO TRABALLO	67
14. O TRABALLO NON SE PODE REDEFINIR	72
15. A CRISE DA LOITA DE INTERESES	78
16. A ABOLICIÓN DO TRABALLO	84
17. UN PROGRAMA DE ABOLICIÓN CONTRA OS AMANTES DO TRABALLO	90
18. A LOITA CONTRA O TRABALLO É ANTIPOLÍTICA	98

NOTA EDITORIAL

A primeira edición alemá do *Manifesto contra o traballo* do Grupo Krisis data de 1999. Na actualidade, o citado grupo está dividido en dous; por unha parte o que continua a denominarse Grupo Krisis, e pola outra Exit!¹. Mais toda esta aventura comezou antes. A partir da segunda metade da pasada década dos oitenta, diferentes teóricos como Anselm Jappe e Robert Kurz² na Alemaña, Moishe Postone nos USA e Jean-Marine Vincent en Franza, sen contacto entre si, chegan ás mesmas conclusións. A explicación reside nas diferentes transformacións que en Occidente sofre o capitalismo, transformacións que veñen acompañadas da descomposición da esquerda clásica e do marxismo tradicional, desbloqueando así a posibilidade doutras perspectivas en novos terreos para a crítica social que eles comezan a percorrer.

Se ben o propio Anselm Jappe afirma no prólogo de *As aventuras da mercadoría*³ que non se trata dun

1. No espazo web de Exit! (<http://obeco.planetaclix.pt/>) pódense descargar en lingua galega textos do grupo e dos autores que o conforman.

2. No portal independentista www.galizalivre.org podemos encontrar textos deste autor traducidos ao galego. Así mesmo, o Grupo de Estudos A Fouce de Bertamiráns editou a finais de 2008 a brochura *Sinal verde para o caos da crise: ascensão e límites do capitalismo automobilístico*.

3. *As aventuras da mercadoría. Para uma nova crítica do valor*, Antígona, Lisboa (2006). Anselm Jappe forma parte, na actualidade, de Exit!

postulado oficial do grupo, e que só representa as súas posicións, o certo é que pode ser entendido como un punto de partida ante análises máis profundas. Aínda así, o presente manifesto continúa a ser unha das declaracións fundamentais para coñecermos a súa contribución á teoría antagonista.⁴

4. Nestes anos houbo tamén polémicas e discrepancias con outros elementos da crítica radical, en concreto con aqueles relacionados coa *Encyclopédie des Nuisances*. A revista vasca de crítica social *Resquicios* publicou nos seus números 2 e 3 correspondencia entre Anselm Jappe e Jean-Marc Mandosio. No número 4, Jaime Semprún dedica no artigo “El fantasma de la teoría” varias páxinas de duros ataques á presente obra.

1. O SEÑORÍO DO TRABALLO MORTO

Un cadáver domina a sociedade, o cadáver do traballo. Na súa defensa uníronse todos os poderes do mundo. O Papa e mailo Banco Mundial, Tony Blair e Jörg Haider, sindicatos, empresas, ecoloxistas alemáns e socialistas franceses. Todos teñen na boca a mesma verba: traballo, traballo e traballo.

Quen aínda sabe pensar, recoñece sen esforzo a falta de coherencia desta actitude, posto que non é que a sociedade dominada polo traballo viva algunha crise pasaxeira, senón que se atopa perante o seu límite absoluto. Como consecuencia da revolución microelectrónica, a produción de riquezas distanciose cada vez máis da explotación do traballo humano a un ritmo que até hai poucas décadas só podía ter cabida na ciencia ficción. Ninguén pode defender seriamente que este proceso se poida manter ou, menos aínda, que poida ser invertido. O comercio da man de obra será no século XXI tan produtivo como a venda de coches de cabalos para o correo postal no XX. Non obstante, quen non poida vender a súa man de obra será considerado refugallo e será reciclado socialmente.

O que non traballa non come! Este cínico suposto ten valía eterna, hoxe máis que nunca, aínda que se volva desesperanzadoramente obsoleto. Resulta absurdo: nunca a sociedade fora tanto unha sociedade do traballo como nestes tempos nos que o traballo se tornou superfluo.

Agora, coa súa morte, o traballo revélase como unha forza totalitaria que non atura canda si ningún outro deus. El determina os pensamentos e as accións até nos recunchos máis agochados do cotián e da psicoloxía. Para lles prolongar artificialmente a vida aos deuses do traballo non se repara en esforzos. O berro paranoico que pide ocupación laboral xustifica que aínda se estea a forzar aínda máis a destrución dos recursos naturais, coñecida xa dende hai tempo. Cando hai un par de miserábeis “postos de traballo” na perspectiva, daquela pódense abandonar acriticamente os derradeiros obstáculos para a comercialización total das relacións sociais. E o dito “mellor que ningún traballo, calquera” converteuse nun dogma de fe xeral.

Canto máis obvio é que a sociedade do traballo está abocada ao seu final, con tanta máis violencia se oculta este final da conciencia pública. Os métodos de ocultamento teñen, por moi dispares que sexan, un denominador común: o feito de o traballo se revelar en todo o mundo como unha autoobriga irracional que se fixo obsoleta a si mesma é redefinido –coa obstinación típica deste sistema demencial– como fracaso persoal ou colectivo de individuos, empresas ou “enclaves”. O límite obxectivo do traballo debe ser presentado, xa que logo, como un problema subxectivo dos excluídos.

Se para uns o paro é produto de pretensións desmedidas, falta de disposición para o rendemento e a flexibilidade, os outros bótanlle en cara aos “seus” directivos e políticos incapacidade, corrupción, cobiza ou traizón aos seus territorios. E ao cabo todos están de acordo co ex presidente alemán Roman Herzog: un “impulso” debería atravesar literalmente o país, como

se se tratara dun problema de motivación dunha equipa de fútbol ou dunha seita política. Todos teñen que se agarrar forte aos remos, aínda que os remos xa se soltaran hai tempo, e todos teñen que empurrar con forza, aínda que xa non haxa máis nada (ou só algo absurdo) do que empurrar. O subtexto desta triste mensaxe é claro: quen pese a todo non acade a graza do ídolo traballo é culpábel, e poderase proscribir e expulsar coa conciencia tranquila.

A mesma lei do sacrificio funciona a escala mundial. Un tras outro, os países son esmagados pola engrenaxe do totalitarismo económico e con isto certifícase sempre o mesmo: desoíron as chamadas leis do mercado. Quen non se adecúe incondicionalmente –e sen considerar as perdas– á carreira cega da competencia total será penalizado pola lóxica da rendibilidade. Quen hoxe están esperanzados son o refugallo económico do mañá. Malia isto, os psicóticos que dominan a economía actual non aceptan, na súa clarividencia ousada, a menor suxestión. Xa unhas tres cuartas partes da poboación mundial teñen sido declaradas refugallos sociais. Caen os “enclaves” un tralo outro. Primeiro os desastrosos “países en vías de desenvolvemento” do Sur, despois a división do traballo no Leste segundo o modelo do Capitalismo de Estado, os alumnos modelo do sur asiático desaparecen tamén no inferno do derrubamento global. Tamén en Europa se estende desde hai tempo o pánico colectivo. A pesar de todo, os cabaleiros da triste figura da política e da xestión continúan, cada vez con máis raiba, a súa cruzada en nome do ídolo traballo.

Cada un debe poder vivir do seu traballo: é o principio establecido. Así, o poder vivir está determinado polo traballo, e non hai ningún dereito se esta condición non foi cumprida.

(JOHANN GOTTLIEB FICHTE,
*Fundamentos do Dereito Natural s
egundo os principios da doutrina da ciencia*¹, 1797)

1. Título da tradución española: *Fundamento de la doctrina de la ciencia* (N. da T.)

2. A SOCIEDADE NEOLIBERAL DO APARTHEID

Unha sociedade centrada na abstracción irracional do traballo desenvolve necesariamente, cando a venda exitosa da mercadoría traballo non é a regra senón a excepción, a tendencia ao apartheid social. Todos os segmentos do campo de traballo e dos partidos políticos aceptaron secretamente hai tempo esta lóxica e mesmo colaboran intensamente. Xa non discuten sobre se cada vez sectores máis amplos da populazón son desprazados para a marxe, senón apenas sobre *como* impor esta selección.

A fracción neoliberal deixa confiadamente o suxo negocio social-darwinista nas mans invisíbeis do mercado. É neste senso no que se destrúen as redes sociais do Estado, para marxinar o máis silandeiramente posible a todos aqueles que non poden seguir a competir. Só se recoñece como persoa a quen pertence á irmandade cínica dos triunfadores da globalización. Todos os recursos do planeta son usurpados, como é obvio, para a máquina capitalista do fin en si mesmo. Cando xa non se poden mobilizar rendibelmente, teñen que ficar “en barbeito”, mesmo cando a carón deles esfamean populazóns enteiras. Responsábeis deste noxento “lixo humano” son a Policía, as seitas relixiosas de salvación, a Mafia e as cociñas económicas. Mentres tanto, nos Estados Unidos e na maioría dos Estados centroeuropeos, hai máis persoas presas que en calquera ditadura militar media. E na América latina os Escuadróns da Morte da Economía de Mercado asasinan cada día máis meniños da rúa e outros pobres que opositores se asasinaban nos tempos da

peor represión política. Só lles resta unha función aos excluídos: a do exemplo aterrador. O seu destino ten que manter na “peregrinación a Xerusalén” que é a carreira sociolaboral a todos os que aínda se atopan nela, incítalos na loita polas últimas prazas e mesmo manter a masa de perdedores nun movemento febril, para que non poidan ter a idea de se rebelaren contra as vergoñentas imposicións do Sistema.

Ademais, o fermoso mundo novo da Economía de Mercado Totalitaria só destina para a maioría, ao prezo da propia rendición, unha praza como seres somerxidos na economía somerxida. Téñense que ofrecer submisamente como traballadores ultrabaratados e escravos democráticos da “sociedade de servizos” dos triunfadores da globalización, que gañan ben. Os novos traballadores pobres poden limpar os zapatos dos outros homes de negocios da agonizante sociedade do Traballo, venderlles hamburguesas contaminadas ou vixiar os seus Centros Comerciais. Quen deixou o seu cerebro no gardarroupas incluso tamén pode soñar co ascenso a millonario no sector servizos.

Nos países anglosaxóns este mundo dos horrores xa é realidade para millóns de persoas, no Terceiro Mundo e en Europa do Leste tamén; e a Eurolandia amósase decidida a acurtar distancias a bo ritmo. De todos xeitos, hai tempo que as gacetas económicas correspondentes non gardan o segredo de como imaxinan o futuro ideal do traballo: os nenos do terceiro mundo, que limpan os vidros dos autos en cruzamentos poluídos, son o luminoso modelo de “iniciativa empresarial”, cara á que preferentemente se teñen que

orientar os parados do noso deserto de servizos. A Comisión para as Cuestións de Futuro dos Estados libres de Baviera e Saxonia escribe:

“O ideal do futuro é o individuo como empresario da súa forza de traballo e da súa protección social”. E prosegue: “A demanda de servizos sinxelos dirixidos aos particulares é maior canto menos custan os servizos, e isto quere dicir que quen presta estes servizos gaña (cartos).” Nun mundo no que as persoas aínda teñen autoestima, estas declaracións deberían provocar unha revolta social. Nun mundo de animais de traballo domesticados, só provocará un asentemento resignado.

O moinante destruíra o traballo, mais collendo o salario dun
traballador: agora terá que traballar sen salario, presentindo na
cadea a beizón do éxito e da ganancia. (...) Terá que ser educado,
mediante o traballo forzado, para o traballo honrado
como escolla persoal libre.

(WILHELM HEINRICH RIEHL,
O traballo alemán, 1861)

3. O APARTHEID DO ESTADO NEO-SOCIAL

Se ben as fraccións antineoliberais desta sociedade-campo de traballo non se queren amigar de todo con esta perspectiva, consideran fervorosamente que unha persoa sen traballo non é persoa. Nostáxicos do fordismo de posguerra, non teñen outra cousa no maxín que non sexa dar nova vida a estes tempos pretéritos da sociedade do traballo. Para eles, é o Estado quen se debера encargar daquilo que o mercado xa non é quen de facer. A presunta normalidade da sociedade do traballo debe continuar a ser simulada mediante Programas de Ocupación, traballo comunitario forzado para os beneficiarios da asistencia social, subsidios á relocalización de empresas, endebedamento e outras medidas políticas. Este estatismo laboral morno que nin sequera ten o alento dunha posibilidade segue a ser o punto de partida ideolóxico para amplas capas de poboación ameazadas polo derrocamento social. Precisamente pola súa desesperanza, a práctica resultante é calquera cousa agás emancipatoria.

A atribución ideolóxica dun “traballo escaso” como primeiro dereito cidadán exclúe en consecuencia todos aqueles que non sexan cidadáns dese Estado. Desde logo, a lóxica de selección social non será cuestionada. Soamente pasará a ser definida como unha intensificación da loita individual pola supervivencia a través de criterios étnicos e nacionalistas. A alma do pobo clama no seu perverso amor ao traballo : “a escravitude nacional só para os nacionais”.

O populismo de dereitas non fai segredo ningún desta conclusión. A súa crítica á sociedade competitiva parte precisamente dunha limpeza étnica nas selectas zonas da riqueza capitalista, cada vez máis miúdas.

Pola contra, o nacionalismo moderado socialdemócrata ou de carácter ecoloxista pretende que os inmigrantes asentados de vello sexan tratados como nativos e incluso concederlles a nacionalidade en caso de comportamento servil e actitude inofensiva. Así, o agravamento da exclusión dos refuxiados do leste e mais do sur pódese lexitimar moito mellor en termos populistas e ser practicada con maior discreción, naturalmente agochada trala verborrea da humanidade e do civismo. Mellor que a caza humana de “ilegais” –que queren apoderarse dos postos de traballo dos nativos– non deixe feos rastros de sangue e lume no chan alemán. Para isto existen a protección fronteiriza, a policía e as zonas de contención do territorio Schengen, que todo o solucionan segundo os dereitos e deberes e mellor canto máis lonxe das cámaras de TV.

A simulación estatal do traballo é violenta e represiva en por si. Serve á vontade incondicional de prolongar a dominación do ídolo traballo con todos os medios dispoñíbeis, mesmo despois da súa morte. Este fanatismo burócrata impídelles aos caídos, aos desposuídos de traballo e oportunidades, e a todos aqueles que por bos motivos se negan a traballar, obteren o repouso nos miserábeis e estreitos habitáculos de descanso nunha “sociedade do benestar” que está a se derrubar. Son levados polos traballadores sociais e os mediadores laborais para a sala estatal

de interrogatorios e obrigados a reverenciar publicamente o trono do cadáver imperante.

Se nos xulgados impera o principio de favorecer o acusado en caso de dúbida, aquí invértense os termos. De non quererem vivir do aire e da caridade cristiá, os caídos teñen que aceptar calquera merda de traballo escravizante e calquera “medida ocupacional” por moi absurda que esta sexa, para manifestaren así a súa incondicional disposición para traballar. É absolutamente indiferente se o que se lles manda facer ten o máis remoto sentido ou é puramente absurdo. O caso é que continúen en movemento perpetuo, para non esqueceren nunca a lei que rexe as súas existencias.

Antes traballábase para gañar cartos. Hoxe o Estado non repara en gastos para que centos de milleiros de persoas simulen o desaparecido traballo en “talleres especiais de formación” ou “empresas ocupacionais” e que se poñan en forma para os postos medianos que nunca acadarán. Invéntanse a cada paso novas medidas cada vez máis estúpidas para gardar as aparencias de que a vacua rutina social seguirá o seu curso eternamente. Canto máis absurda é a imposición de traballar, máis brutalmente hai que martelar nos cerebros: “o pan non é de balde!”

Neste sentido, os novos laboristas e mais as súas réplicas por todo o mundo amósanse totalmente compatíbeis co modelo neoliberal de selección social. Por medio do paripé do emprego e coa simulación enganosa dun futuro positivo, conséguese a lexitimación moral, ao tempo que as medidas contra parados e “obxectores do traballo” son a cada paso máis du-

ras. Os traballos forzados, os subsidios ao salario, e o chamado “traballo cívico” rebaixan cada vez máis os prezo da man de obra. Foméntase así masivamente o florecente sector que vive de salarios baratos e do traballo da miseria.

A chamada “política de traballo activo” segundo o modelo do novo laborismo non llelo pon máis doado nin sequera aos enfermos crónicos ou ás nais solteiras con nenos pequenos. Quen recibe apoio estatal só se libra do esganamento oficial cando espicha. O único sentido desta intromisión consiste en afastar a cantos se poida de presentaren esixencias ao Estado, e de amosarlles aos caídos instrumentos de tortura tan horribéis que calquera traballo miserento semelle, por comparanza, agradábel.

Oficialmente, o Estado paternalista só brande o látigo por amor, coa intención de educar con severidade, e polo seu ben, a aqueles seus fillos considerados preguiceiros. En realidade, as medidas “pedagóxicas” só teñen como finalidade botar os clientes a patadas do paraugas estatal. Que outro sentido podería ter senón obrigar aos parados a traballaren na colleita de espárragos? Alí substitúen aos temporeiros polacos, que só aceptan un salario de fame porque grazas ao cambio se transforma, xa de volta na casa, nunha remuneración aceptábel.

Con todo, para quen traballa por obriga, esta medida non vale nin para axudar a abrir perspectiva laboral ningunha. E para os produtores de espárragos, os académicos e especialistas desganados que lles caen en sorte non son máis que un estorbo. Mais cando despois das xornadas de doce horas a un lle vén á

cabeza a feliz idea de abrir en solo alemán, por desesperación, un posto de salchichas, daquela a “axuda á flexibilización” acada o seu desexado efecto neobritánico.

Mellor que ningún traballo, calquera

(BILL CLINTON, 1998)

[non ter] ningún traballo é o traballo máis duro.

(Lema dunha exposición de cartaces da coordinadora estatal das iniciativas de desempregados en Alemaña, 1998)

O traballo cívico debe ser recompensado e non remunerado.

(...) Mais quen se dedica ao traballo cívico perde tamén a marca do paro e da recepción de axudas sociais de ser parado e recibir axudas sociais

(ULRICH BECK,

A alma da democracia, 1997)²

2.Ulrich Beck, sociólogo alemán, profesor na Universidade de Munich e na London School of Economics and Political Science.

(N. da T.)

4. AGUZAMENTO E DESMENTIDO DA RELIXIÓN DO TRABALLO

O novo fanatismo laboral co que esta sociedade reaxe á morte do seu ídolo é consecuencia lóxica e etapa final dunha longa historia. Todas as forzas motoras da modernización occidental predicaron, dende os días da Reforma, a sacralidade do traballo. Sobre todo nos últimos 150 anos houbo teorías da sociedade e tendencias políticas enteiras que estaban realmente obsesionadas coa idea do traballo. Socialistas e conservadores, demócratas e fascistas teñen loitado até chegar ás armas, pero a pesar de calquera inimidade mortal téñense ofrecido xuntos ao ídolo do traballo. “Loisif ira loger ailleurs” (O ocioso irá vivir a outro lado), dicía o texto do himno da Internacional dos Traballadores, e sobre a porta de Auschwitz ecoaba estarrecedoramente: “Arbeit macht frei” (O traballo liberta). As democracias pluralistas de posguerra primeiro xuraron sobre a permanente ditadura do traballo. Incluso a Constitución da ultracatólica Baviera adoutrina os seus cidadáns moi na liña da tradición luterana: “O traballo é a fonte do benestar popular e está especialmente protexido polo Estado”. No fin do século XX, case todos os opostos ideolóxicos se teñen inxuriado. O que ficou foi o indecente dogma común de que o traballo é o destino natural do ser humano.

A propia realidade sociolaboral desmente hoxe este dogma. Os cregos da relixión do traballo sempre teñen predicado que o ser humano é, segundo a súa suposta natureza, un “animal laborans”. Convértese en ser humano cando, como unha vez Prometeo, somete

a natureza ao seu desexo e realízase no seu produto. Este mito do conquistador do mundo e do demiurgo que escoita a súa chamada sempre fora, porén, un sarcasmo do carácter do proceso de traballo moderno, mais na época dos inventores capitalistas como Siemens ou Edison e os seus cadros de persoal de especialistas aínda podía posuír algún substrato real. Actualmente, esta pose deveu definitivamente absurda. Quen hoxe aínda se pregunta sobre o contido, o sentido e a función do seu traballo, tolea –ou convértese en factor molesto para a máquina social, que traballa para si propia–. O antano orgulloso homo faber, que na súa estreiteza de miras aínda tomaba en serio o que facía, está tan pasado de moda como unha máquina de escribir. A engrenaxe social ten que xirar a calquera prezo, e punto. Para atoparlle sentido están os departamentos de promoción e tropas enteiras de psicólogas de empresa, asesores de imaxe e traficantes de drogas. Está garantido que onde se esbardalla constantemente sobre motivación e creatividade xa non queda nada diso –non é máis que autoengano–. Por iso, as capacidades de autosuxestión, autoimaxe e simulación de competencias cóntanse hoxe entre as principais virtudes de xerentes e traballadores cualificados, estrelas mediáticas e libeiros, mestras e vixilantes de aparcadoiros.

Tamén a suposición de que o traballo é unha necesidade eterna, imposta ao ser humano pola natureza, ten quedado absolutamente en ridículo na crise da sociedade do traballo. Predícase dende hai séculos que hai que venerar o ídolo traballo, só porque as necesidades non poden ser cubertas por si soas sen suorento traballo humano. E o propósito de todo o

telderete do traballo é naturalmente a satisfacción das necesidades. Se iso dera no cravo, unha crítica ao traballo tería tanto sentido como unha crítica á gravidade. Mais como pode ser que unha verdadeira “lei natural” entre en crise e incluso desapareza?

As voces cantantes desta sociedade-campo de traballo, dende a neoliberal que come caviar obsesionada coa eficiencia até os obreiros con barriga cervexeira, quedan sen argumentos na súa defensa da pseudo-natureza do traballo. Ou como queren explicar que hoxe en día afoguen na necesidade e na miseria tres cuartos da Humanidade porque o sistema social de traballo xa non precisará máis do seu traballo?

Non é xa a maldición do Antigo Testamento “gañarás o teu pan coa suor da túa fronte” a que paira sobre os que caeron, senón unha condena nova e implacábel: “Non podes comer porque a túa suor é superflua e non vende”. E isto pretende ser unha lei natural? Non é outra cousa que un principio social irracional, que aparece como imposición social porque se ten asentado absolutamente durante séculos, destruindo ou sometendo todas as outras formas de relación social. É a “lei natural” dunha sociedade que se considera fondamente racional, pero que en realidade só segue a racionalidade da obriga que lle dita o seu ídolo traballo, a cuxas “obrigas obxectivas” aínda está disposta a sacrificar o último resto da súa humanidade.

O traballo está sempre, por moi baixo e mamonístico³ que sexa, sempre en relación coa natureza. O só desexo de executar traballo conduce cada vez máis e máis cara á verdade e cara ás leis e prescricións da natureza, que son a verdade.

(THOMAS CARLYLE,
Traballar e non desesperar, 1843)

3. Mammon, do arameo *mamona* (propiedade, posesión) através do latín *mammona(s)*. Úsase principalmente con sentido irónico como “diñeiro como única premisa material para algo, para a satisfacción de necesidades luxosas ou similar” (N. da T.)

5. O TRABALLO É UN PRINCIPIO DE COERCIÓN SOCIAL

Traballo non quere dicir que os homes transformen a natureza e se relacionen de forma activa. Desde que existen seres humanos, estes constrúen casas, fan vestimentas, preparan alimentos e crean moitas outras cousas. Crían fillos, escriben libros, debaten, plantan xardíns, compoñen música e cousas polo estilo. Isto resulta evidente e non ten máis voltas. O que non é evidente, pola contra, é que a actividade humana, o puro “dispendio de man de obra” sexa, sen valorar o seu obxectivo e de xeito totalmente independente ás necesidades e aos desexos dos implicados, elevada a principio abstracto que domine as relacións sociais.

Nas sociedades agrarias do pasado había todas as formas posíbeis de dominación e de dependencia persoal, mais ningunha ditadura da abstracción “traballo”.

As actividades de transformación da natureza en relacións sociais non estaban determinadas autonomamente, mais tampouco sometidas ao “dispendio da man de obra”, senón moito máis intrincadas en complexas regras de valores de instrución relixiosa, tradicións culturais e sociais de tributo mutuo. Cada actividade tiña o seu tempo e o seu lugar. Daquela non había unha forma abstracta e xeral de actividade.

Foi o sistema de produción de mercadorías moderno coa súa finalidade autotélica de transformación permanente de enerxía humana en diñeiro quen

introduciu por vez primeira a esfera do chamado “traballo”: unha esfera especial, desvinculada de todas as outras relacións, abstraída de calquera contido. Unha esfera da actividade non autónoma, incondicional e arrelacional, robótica, separada do restante contexto social e que obedece a unha abstracta racionalidade empresarial obrigatoria que está por riba das necesidades.

Nesta esfera separada da vida o tempo deixa de ser vivido e sentido para converterse en mera materia prima que debe ser optimizada. O tempo é ouro. Cóntase cada segundo, cada viaxe ao retrete é un fastío, cada leria un atentado aos fins da produción autónoma. Onde se traballa só se pode gastar enerxía abstracta. Vivir, vívese en calquera outro sitio. Ou non se vive, porque a cadencia do traballo todo o rexe. Até as crianzas son adestradas para o reloxo, para seren algún día “produtivas”. As vacacións só serven para restaurar a capacidade de traballo. E incluso na hora do xantar, nas celebracións e mais no amor temos o tic-tac do ponteiro dos segundos na caluga.

Na esfera do traballo non conta o que se fai, senón o que se simula facer, xa que o traballo é en si mesmo unha autofinalidade no momento en que leva consigo a valorización do capital-diñeiro, a infinita multiplicación do diñeiro por medio do diñeiro.

Traballo é a forma de ocupación deste absurdo fin circular. Só por iso, e non por razóns obxectivas, se producen todos os produtos como mercadoría, porque só nesta forma representan a abstracción diñeiro, cuxo contido é a abstracción traballo. Niso consiste precisamente o mecanismo da engrenaxe social au-

tonomizada que mantén aprisionada a Humanidade moderna.

E por isto precisamente o contido da produción é tan indiferente como o son o uso das cousas que se producen ou as consecuencias sociais e medioambientais. Tanto dá que se constrúan casas como minas, que se impriman libros como que se cultiven tomates transxénicos. Tanto ten se enferman persoas ou se se contamina o aire ou se o bo gusto vai ao carallo. Con tal de que a mercadoría se converta en cartos e os cartos novamente en traballo, o demais non ten importancia. Que a mercadoría esixa un determinado uso e que este uso sexa destrutivo é algo que non lle corresponde á racionalidade das ciencias empresariais, para quen o produto é simplemente portador de traballo pasado, de traballo morto.

A acumulación de traballo morto como capital, representado en forma de cartos, é o único sentido que coñece o sistema mercantil moderno. Traballo morto? Unha tolemia metafísica! Si, mais unha metafísica feita realidade tanxíbel, unha tolemia cousificada que domina esta sociedade con man de ferro. Na compra-venta eterna as persoas non intercambian nada como seres sociais conscientes, senón que executan como autómatas a finalidade para a que foron programadas.

Por iso o traballador se sente só fora do traballo consigo e no traballo fóra de si. Está na casa cando non traballa e cando traballa non está na casa. Por iso o seu traballo non é voluntario, senón obrigado, traballo forzado. A estrañeza do traballo amósase en que, de non existir ningunha coerción física ou doutro tipo, fuxiríase do traballo como da peste.

(KARL MARX,
Manuscritos económico-filosóficos, 1844)

6. TRABALLO E CAPITAL SON AS DÚAS CARAS DA MESMA MOEDA

A esquerda política sempre admirou o traballo con especial fervor. Non só elevou o traballo a esencia humana, senón que tamén o mistificou como suposto contraprinzipio do capital. Non foi o traballo o escándalo, senón simplemente a súa explotación polo capital. Por iso o programa de todos os “partidos de traballadores” foi a liberación no traballo, non a liberación do traballo. Mais a oposición social entre o capital e traballo só é a oposición entre intereses distintos (e mesmo con diferente poder) dentro da autofinalidade capitalista. A loita de clases era a forma de expresión destes intereses opostos no chan común do sistema de produción de mercadorías. Pertencía á dinámica interna da valorización do capital. Xa fose a loita polos salarios, polos dereitos, polas condicións de traballo ou polos postos de traballo, o seu presuposto cego seguiu a ser a engrenaxe dominante do traballo e os seus principios irracionais.

Dende o punto de vista do traballo o contido cualitativo da produción conta tan pouco como dende o punto de vista do capital. O que interesa é só a posibilidade de vender optimamente a forza de traballo. Non se trata de determinar colectivamente o sentido e a finalidade da propia actividade. Se algunha vez existiu a esperanza de que esta definición do traballo se puidera realizar nas formas do sistema produtor de mercadorías, xa hai tempo que as “forzas de traballo” abandonaron esta ilusión. Só se trata de “postos de traballo”, de “ocupación” –xa as propias ex-

presións confirman o carácter de autonecesidade desta empresa e a inmadurez dos participantes-.

O que se produce, para que e con que consecuencias élle a fin de contas tan indiferente ao comprador do produto “forza de traballo” como ao vendedor. Os traballadores das centrais nucleares e os das fábricas químicas son os que máis alto protestan cando hai que desactivar os seus tictaqueantes reloxos-bomba. E os “ocupados” de Volkswagen, Ford ou Toyota son os adeptos máis fanáticos do programa de suicidio automobilístico. Non só porque se teñen que vender obrigatoriamente para poder vivir, senón porque se identifican realmente con esta estreiteza de miras existencial. Isto serve como proba do valor ético-moral do traballo para sociólogos, sindicalistas, párrocos e outros teólogos de oficio da “cuestión social”. Din que o traballo forma a personalidade. Correcto de máis. De feito, o traballo forma a personalidade de zombis da produción de mercadorías, que xa non poden imaxinar de ningunha maneira unha vida fóra da súa querida engrenaxe para a que eles mesmos se preparan día tras día.

Así como a clase traballadora como tal pouca contradición antagónica foi para o capital e tamén pouco suxeito da emancipación humana, os capitalistas e administradores da sociedade tampouco gobernan, pola súa banda, segundo a maldade dun desexo de explotación subxectivo. Nunca ningunha casta dominante da historia levou unha vida tan pouco libre e tan miserábel como os abafados xerentes de Microsoft, Daimler-Chrysler ou Sony. Calquera fidalgo medieval tería desprezado profundamente esta xente, xa que

mentres el se podía dar ao ocio e desbaldir as súas riquezas de forma máis ou menos orxiástica, as elites da sociedade do traballo non se poden permitir ningunha pausa. Fóra da roda da rutina non saben facer máis que infantilizarse: ocio, ansia de coñecementos e goce sensual sonlles tan descoñecidos como o material humano do que están feitos. Eles propios non son máis que servos do ídolo traballo, simples elites funcionais das irracionais necesidades sociais autocreadas.

O ídolo dominante sabe impor o seu desexo sen suxeito sobre a muda obriga da competencia, coacción á que tamén se teñen que pregar os poderosos cando dirixen centos de fábricas e desprazan sumas millonarias polo globo. Se non se pregan, son desbotados con tanta desconsideración como a man de obra sobrante. Mais é xusto a súa propia inmadurez e non o seu desexo subxectivo de explotación o que fai tan desmedidamente perigosos os funcionarios do capital. Son quen menos poden cuestionar o sentido e as consecuencias do seu facer sen descanso, non poden permitirse sentimentos nin miramentos. Por iso lle chaman realismo ao feito de desertizaren o mundo, afearen as cidades e deixaren empobrecer as persoas no medio da riqueza.

O traballo ten a boa conciencia cada vez máis da súa parte: a disposición para a alegría xa se chama “necesidade de repouso” e comeza a se avergoñar de si mesma. “É por saúde” –así falamos cando nos sorprenden nun paseo polo campo–. E poderíamos chegar rápido ao punto en que un non poida ceder á inclinación por unha vida contemplativa (isto é, a un paseo con pensamentos e amigos) sen mala conciencia e desprezo de si mesmo.

(FRIEDRICH NIETZSCHE,
Ocio e Ociosidade, 1882)

7. O TRABALLO É DOMINIO PATRIARCAL

Mesmo cando urxe a lóxica do traballo e o seu desecamento en materia diñeiro, aínda así non serán todos os terreos sociais nin todas as habilidades necesarias os que se embuchen nesta esfera do tempo abstracto. Xunto coa liquidada esfera do traballo, e en certa medida como a cruz da moeda, apareceu en consecuencia a esfera do ámbito privado do fogar, da familia e da intimidade.

Neste espazo definido como feminino fican as moitas e recorrentes actividades da vida cotiá que non se poden transformar en cartos, ou que só o poden facer dun xeito excepcional. Desde limpeza, cociña, educación dos cativos ou coidado dos anciáns até os “traballos amorosos” da ama de casa tipo, que aloumiña ao home derreado do traballo e o reabastece sentimentalmente. A esfera da intimidade como a outra cara do traballo é definida pola moral familiar burguesa como refuxio da “vida auténtica”, incluso sendo de facto a maioría das veces máis ben un inferno íntimo. Non se trata dunha esfera mellor nin máis xenuína da vida, senón dunha reducida forma de existencia, á que simplemente se lle asigna o signo contrario. Resulta propiamente un produto do traballo, diferenciado del, mais existente só en relación con el. Sen este compartimento social do feminino non daría nunca funcionado a sociedade do traballo, que lle é muda condición previa e resultado simultáneo específico.

Igual sucede co xénero, cos estereotipos sexuais. A xeneralización destes foi conformada durante o desen-

volveremento do sistema de produción. A imaxe dunha muller irracional, emocional, instintiva e dominada pola natureza fronte á dun home creador de cultura, sensato e mesurado non se afianzou e converteu en estereotipo xeral por casualidade. E a autoasignación do home branco para as esixencias do traballo e a admistración estatal das persoas mediante unha rabiosa caza de bruxas durante séculos tampouco foi casual.

Tamén a incipiente apropiación científica do mundo estivo contaminada xa nas súas raíces pola finalidade laboral da sociedade e das súas adscricións de xénero. Para poder funcionar sen dificultades, o home branco expulsou de si todas as parcelas emocionais e necesidades afectivas. No reino do traballo contan só como un factor perturbador.

No século XX, nas democracias fordistas posbélicas, a muller entra progresivamente no sistema laboral, a pesar de que o resultado sexa unha conciencia feminina esquizoide. Por unha banda o avance da muller non podía traer liberación ningunha, senón só reforzar os mesmos tributos aos mesmos deuses do traballo dos homes. Por outra banda, a estrutura da separación quedou íntegra e con ela as actividades definidas como “femininas” para alén do traballo oficial.

Así caeu de riba das súas costas un dobre lastre ao tempo que imperativos sociais totalmente contraditorios. Dentro da esfera do traballo as mulleres fican confinadas, flutuando entre as posicións subalternas e os máis baixos salarios até o de hoxe.

Ningunha loita en prol das cuotas e das oportunidades profesionais femininas que estea conforme co sistema mudará nunca nada. A infame visión burguesa

dunha conciliación laboral-familiar deixa por completo intacta a separación de esferas do sistema de produción e con ela os compartimentos de xénero. Para a maioría das mulleres esta perspectiva é simplemente invivíbel. Para unha minoría que “gaña ben” devén en pérvida posición privilexiada no apartheid social, desde a que poderían delegar os coidados da casa e os meniños en empregadas mal remuneradas (e, “naturalmente”, tamén mulleres).

A bendita esfera burguesa da chamada vida privada e da familia degradarase e volverase máis infernal na sociedade no seu conxunto, xa que a usurpación por parte da sociedade do traballo esixe a persoa toda: total sacrificio, total mobilidade e completa dispoñibilidade temporal.

O patriarcado non será abolido, só se fará máis salvaxe na crise inconfesada da sociedade do traballo. Na mesma medida na que o sistema mercantil se afunde, cárgase ás mulleres coa responsabilidade da supervivencia en todos os terreos, mentres o mundo “masculino” simula a prolongación das categorías da sociedade do traballo.

A humanidade tivo que se someter a actos horribéis até conseguir crear o Eu, o carácter idéntico, instrumental e masculino do ser humano, e algo disto repítese aínda en cada infancia.

(MAX HORKHEIMER/ THEODOR W. ADORNO,
Dialéctica da Ilustración)

8. TRABALLAR É A ACTIVIDADE DOS INMADUROS

A identidade entre traballo e inmadurez déixase comprobar non só de xeito fáctico mais tamén conceptualmente. Hai poucos séculos aínda se podía recoñecer claramente a relación entre traballo e presión social. A expresión “traballo” refírese na maioría das linguas europeas á actividade da persoa inmadura, dos dependentes, dos criados ou dos escravos. No ámbito lingüístico xermánico a palabra caracteriza o traballo pesado dun neno orfo abocado á servidume. En latín “laborare” significaba cambalearse baixo unha pesada carga, e en sentido xeral refírese ao sufrimento e ao esforzo dos escravos. As palabras románicas “travail”, “traballo”, “trabajo”, etc. derivan do “tripalium” latino, algo así como un xugo que se colocaba para castigar ou torturar a escravos e outras persoas non libres. Na expresión alemá de *Joch der Arbeit* (xugo do traballo) ecoa aínda unha intuición daquilo.

Segundo a etimoloxía, “traballo” non é sinónimo dunha actividade humana decidida por un mesmo, senón que indica un destino social desgraciado. É a actividade daqueles que perderon a súa liberdade. Por iso, a extensión do traballo a todos os membros da sociedade non é máis que a xeneralización da dependencia dos servos, e a moderna veneración do traballo só é a sobreexaltación case relixiosa deste estado de dependencia.

Esta asociación puido impoñerse con éxito e as esixencias sociais puideron ser interiorizadas porque

a xeneralización do traballo ía da man da súa “obxectivación” por parte do moderno sistema de produción de mercadorías: a maioría das persoas xa non están baixo o dominio dun señor. A dependencia social virou nun abstracto contexto de relacións –e por iso mesmo volveuse total–. É perceptíbel en todos os lados e por iso non se pode apreixar. Onde todos se converten en criados, tamén son todos ao mesmo tempo señores: os seus propios tratantes de escravos. E todos obedecen o ídolo invisíbel do sistema que os mandou baixo o “tripalium,” o “Big Brother” do aproveitamento do capital.

9. A SANGUENTA HISTORIA DA IMPOSICIÓN DO TRABALLO

A historia da Modernidade é a historia da imposición do traballo, que deixou unha inmensa pegada de horror e devastación en todo o planeta. Nun principio non se esixía estragar a meirande parte da enerxía vital por mor dunha causa indeterminada, tal e como hoxe temos interiorizado. Foron necesarios varios séculos de violencia explícita en grandes doses para empuxar literalmente o ser humano cara á tortura que supón este servizo divino incondicional.

De primeiras non se trataba da ampliación das relacións de mercado (que aparentemente aumentaban a beneficencia pública), senón da insaciable fame de diñeiro dos aparatos absolutistas para financiar a maquinaria militar da Modernidade temperá. Soamente mediante o interese destes aparatos, que subsumiron a sociedade no garrote burocrático, se acelerou o desenvolvemento do capital urbano de mercadores e finanzas por riba das tradicionais relacións comerciais. Só deste xeito se converteron os cartos nun motivo central e a abstracción traballo nunha demanda social central, sen que se tivesen en consideración as necesidades.

A maioría das persoas non foron voluntariamente producir para mercados anónimos (e en consecuencia para a economía monetaria xeral) senón por causa da cobiza absolutista que monetarizaba os impostos e, ao tempo, medraba de xeito exorbitante. Non gañaban cartos para si, tiñan que facelo

para o nacente estado moderno militarizado con armas de fogo, para a súa loxística e a súa burocracia. Así e non doutro xeito foi como naceu a absurda finalidade da valorización do capital e, con ela, o traballo.

Os impostos monetarios axiña deixaron de abondar. Os burócratas absolutistas e os administradores das finanzas capitalistas puxéronse a organizar coercitiivamente as persoas como material dunha máquina social para a transformación do traballo en cartos. As formas de vida e existencia da poboación destruíronse, non porque esta poboación se estivese a “desenvolver” voluntaria e autonomamente, mais porque tería que servir de material humano á máquina de explotación posta en marcha. Ás persoas botáronas dos seus campos de cultivo por medio da violencia armada coa intención de facer sitio á cría de ovellas para a manufactura de la. Foron abolidos vellos dereitos comunais como cazar e pescar libremente ou apañar a madeira. E despois, cando as masas empobrecidas vagaban polos campos roubando e pedindo esmola, foron introducidas nas manufacturas e maltratadas con torturadoras máquinas de traballo, ao tempo que se lles imprimía conciencia de escravos, de animais de traballo dobregados.

Non obstante, esta abrupta transformación dos asoballados en material para os ídolos produtores de diñeiro non satisfizo por moito tempo ao monstro do estado absolutista. Estenderon as súas pretensións a outros continentes. A colonización interna de Europa avanzaba paralelamente coa colonización externa, nun primeiro momento nas dúas Américas e parte de

África. Aquí foi onde os fanáticos do traballo se despoxaron definitivamente de todos os seus escrúpulos. Asaltaron o mundo novo “descuberto” en campañas militares de espolio, destrución e exterminación sen precedentes. Os poderes caníbais europeos no abrente da sociedade do traballo definiron as culturas dobregadas como asilvestradas e... caníbais.

Así se lexitimou a súa erradicación ou escravización por millóns. A escravitude literal nas plantacións coloniais e na economía de materia prima pertence ao crime fundador do sistema de produción capitalista e supera por moito, nas súas dimensións, as formas de escravitude da Antigüidade. Nestes lugares realizouse a aniquilación mediante traballo a grande escala. Esta era a segunda encomenda da sociedade do traballo: O home branco, xa caracterizado pola disciplina persoal, podía desafogar nos “salvaxes” o seu autoodio e o seu complexo de inferioridade. Como a muller, eles eran para os colonos seres próximos á natureza, medio humanos, primitivos entre o animal e o home. O agudo de Immanuel Kant supuxo que os babuínos poderían falar se quixesen, e se non falaban era só por temor a seren recrutados para o traballo.

Este grotesco razoamento abre unha luz delatora sobre a propia Ilustración. O *ethos* do traballo represivo da modernidade, que na súa versión protestante orixinal apelaba á graza divina e, tras a Ilustración, á lei natural, adoptou a máscara das “misións civilizadoras”. Neste senso a cultura é asoballamento voluntario para o traballo, e o traballo é masculino, branco e “occidental”. O seu oposto, a natureza amorfa, non-humana e acultural é feminina, negra e “exótica”. É dicir, é sus-

ceptíbel da submisión. Dito con poucas palabras, o “universalismo” da sociedade do traballo é racista de raíz e por sempre. De feito, o abstracto do traballo universal defínese a si mesmo unicamente polo distanciamento que impón a todo o que non funcione para el.


Non foron os pacíficos mercadores das vellas rutas comerciais, dos que xurdiu a burguesía moderna, ao fin e ao cabo herdeira do absolutismo. Foron máis ben os *condottieri* dos bandos de lexionarios proto-modernos, os administradores do traballo e dos presidios, os cobradores de impostos, os negreiros e outros personaxes sen escrúpulos os que traballaron o terreo para a clase dos “emprendedores”. As revolucións burguesas do XVIII e XIX nada tiñan a ver coa emancipación social. Reestruturaron as relacións de poder dentro do sistema coercitivo imperante, desvincularon as institucións da sociedade do traballo dos anacrónicos intereses dinásticos e salientaron a obxectivización e a despersonalización. Foi a gloriosa Revolución Francesa a que procurou o deber do traballo cun patetismo especial e a que nunha “Lei de erradicación da mendicidade” fundou novos correccionais de traballo.

Isto era precisamente o contrario daquilo ao que aspiraron as rebelións sociais que abrochaban á marxe das revolucións burguesas, sen se integren nestas. Xa moito antes houbera formas propias de resistencia e de negación coas que a historia oficial da sociedade do traballo e da modernización non sabía como lidar. Os produtores da vella sociedade agraria, que nunca se someteran enteiramente ás relacións feudais de dominio, non quixeron tampouco ser convertidos en “clase traballadora”, unha categoría externa que

lles resultaba allea. Desde as guerras de labregos dos séculos xv e xvi até os movementos de sublevación en Inglaterra, denunciados posteriormente como “asaltadores de máquinas” ou os levantamentos dos teceláns de Silesia no 1844 dáse unha única cadea de amargas loitas contra o traballo. A imposición da sociedade do traballo e unha guerra civil por veces aberta, por veces latente, foron co paso dos séculos unha mesma cousa.

As vellas sociedades agrarias eran todo agás paradisiacas. Mais a maioría viviu a monstruosa obrigatoriedade da sociedade do traballo emerxente como un empeoramento e como unha época de desesperación. De feito, o ser humano tiña aínda algo que perder malia a estreiteza da situación. O que aparece na falsa consciencia do mundo moderno como os tempos sombríos e as pragas dunha inventada Idade Media eran realmente os horrores da súa propia historia. Tanto dentro como fóra de Europa, nas culturas non capitalistas ou anteriores ao capitalismo o tempo diario e anual dedicado ao labor de produción era mesmo máis escaso que o dos modernos empregos de hoxe en fábricas e oficinas. E esa produción non estaba con moito tan concentrada como na sociedade do traballo, senón que estaba marcada por unha estendida cultura do ocio e de relativa lentitude. Á marxe de catástrofes naturais, as necesidades materiais básicas estaban mellor cubertas que nalgúñas épocas da historia da modernidade –e tamén mellor que nas terroríficas favelas do mundo de crises que vivimos hoxe–. Tampouco o poder ía tanto ao pescozo como nas sociedades de traballo totalmente burocratizadas.

Deste xeito a resistencia contra o traballo só se puido esnaquizarse de forma militar. Até o de hoxe os ideólogos da sociedade do traballo continúan a soste con hipocrísia que a cultura dos produtores premodernos non era desenvolvida, que afogou no seu propio sangue. Os inspirados demócratas do traballo de hoxe en día achacaron todas estas monstruosidades ás situacións predemocráticas do pasado, coas que non terían máis nada que ver. Non queren recoñecer que a historia terrorista dos inicios da Modernidade revela tamén dun xeito traizoeiro o ser da sociedade do traballo actual. A lexislación burocrática e a concepción estatal da persoa nas democracias industriais non puido nunca negar a súa orixe absolutista e colonial. A poboación é administrada represivamente en nome do ídolo traballo, e esta represión medra e penetra en todos os aspectos da vida, incluso na forma da obxectualización cara a un sistema impersoal. Mesmo hoxe se sente de novo, na agonía do traballo, a man de ferro da burocracia, tal cal como nos primeiros tempos da sociedade do traballo. A administración de traballadores desvélese como o sistema coercitivo que sempre foi, xa que organiza o apartheid social e busca, en van, desterrar a crise por medio da “escravitude de estado”. Do mesmo xeito, o espírito colonial retorna ás administracións –obrigatoriamente economicistas– dos xa arruinados países da periferia a través do Fondo Monetario Internacional. Trala morte do seu deus a sociedade do traballo significase en certo modo segundo os métodos dos seus crimes fundacionais que, non obstante, non poden xa salvarla.



No fondo sentimos agora (...) que un traballo tal é a mellor policía, porque mantén a todos domesticados e sabe impedir con firmeza o desenvolvemento da razón, da voluptuosidade e do desexo de independencia. Pois o traballo emprega unha grande cantidade de enerxía nerviosa, a cal lle é subtraída á reflexión, á meditación, ao soñar, ao se inquietar, ao amar e ao odiar.

(FRIEDRICH NIETZSCHE,
Os apólogos do traballo, 1881)

O bárbaro é preguiceiro e distínguese do instruído en que fica mergullado no seu embrutecemento, pois a formación práctica consiste xustamente no hábito e na necesidade de ocupación.

(GEORG W. F. HEGEL,
Principios da Filosofía do Dereito, 1821)

10. O MOVEMENTO OBREIRO ERA UN MOVEMENTO POLO TRABALLO

O movemento obreiro clásico, que experimentou o seu ascenso moito despois da decadencia das vellas revoltas sociais, xa non loitou contra a esixencia de traballar, senón que en realidade desenvolveu unha sobreidentificación co aparentemente ineludíbel. Só se trataba de “dereitos” e melloras dentro da sociedade do Traballo, cuxas coercións foran interiorizadas había xa tempo. No canto de criticar radicalmente a transformación de enerxía humana en diñeiro como autoobriga irracional, tomou el mesmo o punto de vista do traballo e definiu a valorización do capital como un feito positivo, neutro.

Así, o movemento obreiro asumiu á súa maneira a herdanza do absolutismo, do protestantismo e da ilustración burguesa. Do traballo como desgraza xorde o falso orgullo do traballador, que redefine a propia domesticación do individuo como “material humano” do ídolo Traballo nun dereito humano. Os helotes⁴ domesticados do traballo déronlle en certa maneira a volta ao asunto desenvolvendo un auténtico celo misioneiro nos dous sentidos: por unha banda, a reclamación do “dereito ao traballo”e, pola outra, a esixencia da “obrigatoriedade do traballo para todos”. A burguesía non foi combatida por ser o soporte funcional da sociedade do traballo, senón que, ao contrario, foi insultada, en nome do traballo, como

4. Escravos estatais na antiga Esparta (N. da T.)

parasitaria. Todos os membros da sociedade, sen excepción, debían ser recrutados obrigatoriamente para os “exércitos do traballo”.

Así foi como o propio movemento obreiro foi avanzando os pasos da sociedade capitalista. El foi tamén quen, contra a estreiteza de miras da burguesía dos séculos XIX e inicios do XX, estableceu no proceso de desenvolvemento do traballo os últimos chanzos da cousificación de maneira moi semellante á forma en que un século antes a burguesía herdara o absolutismo. Isto só foi posíbel porque os partidos de traballadores e os sindicatos, como consecuencia da súa divinización do traballo, desenvolveron tamén unha actitude positiva cara ao aparato de Estado e ás institucións da represiva Administración do traballo, que de facto non pretendían destruír, senón que mesmo pretendían ocupar iniciando algo así como unha “marcha a través das institucións”. Con isto asumiron, como antes xa asumira a burguesía, a tradición burocrática da administración de individuos dentro da sociedade do traballo, tradición que viña desde o Absolutismo. Non obstante, a ideoloxía da xeneralización social do traballo requiriu tamén un novo marco de relacións políticas. No lugar da vella articulación de clases con distintos “dereitos” políticos (por exemplo, dereito ao voto segundo a renda), na xa medio establecida sociedade do Traballo tiña que aparecer o igualitarismo democrático do perfecto “Estado dos traballadores”. E as desigualdades que creou esta máquina de esixencias unha vez que comezou a determinar toda a vida social tiñan que ser igualadas polo “estado social”. Tamén para isto ofreceu o movemento obreiro o paradigma. Baixo o

nome de “socialdemocracia” converteuse no maior “movemento cidadán” da historia, mais o movemento obreiro non podía ser máis que unha trampa autoimposta. Porque na democracia todo é negociábel, agás a obrigatoriedade da sociedade do traballo, que é presuposta como un axioma. Só as modalidades e formas de realización desta obriga están a debate. A escolla sempre é só entre Ariel e Persil, entre peste e cólera, entre descaro e estupidez, entre Kohl e Schröder. A democracia da sociedade de traballo é o sistema de dominación máis pérfido da historia: un sistema da autoopresión.

Por iso esta democracia non permite nunca que os membros da sociedade determinen libremente sobre os recursos comúns, senón que unicamente organiza a forma xurídica de mónadas de traballo separadas socialmente entre si, que teñen que competir para vender o seu pello ao mercado laboral. Democracia é o contrario de liberdade. E así, os traballadores democráticos divídense necesariamente en administrador e administrado, empregador e empregado, elites funcionais e material humano. Os partidos políticos, incluso tamén os partidos de traballadores, reflicten fielmente esta relación na súa propia estrutura. Dirixente e dirixido, figuras mediáticas e cidadáns de a pé, militantes e simpatizantes, indican unha relación que non ten nada a ver cun debate aberto ou coa toma de decisións. Unha parte integral desta lóxica sistémica é o feito de as propias elites só poderen ser funcionarios dependentes do ídolo do traballo e das súas cegas decisións.

Dende a época nazi, como moi tarde, todos os partidos son partidos de traballadores e ao mesmo tempo

partidos do capital. Nas sociedades “en vías de desenvolvemento” do Leste e do Sur, para modernizarse e recuperar o tempo perdido, o movemento obreiro mutou en partido do terrorismo de estado; no Oeste, a un sistema de “partidos populares” con programas intercambiábeis e representantes mediáticos. A loita de clases rematou porque a sociedade do traballo chegou ao seu fin. As clases amósanse como categorías funcionais e sociais dun sistema fetichista colectivo na mesma medida en que este sistema esmorece. Cando socialdemócratas, verdes e ex comunistas destacan na administración da crise e proxectan programas de represión especialmente abxectos, estanse simplemente a revelar como lexítimos herdeiros dun movemento obreiro que non quería outra cousa que traballo a calquera prezo.



O traballo ten que guiar o cetro,
Servo só debe ser quen ocioso ir,
o traballo ten que rexer o mundo,
pois só por el pode o mundo existir.

(FRIEDRICH STAMPFER,
O Orgullo do traballo, 1903)

11. A CRISE DO TRABALLO

Trala Segunda Guerra Mundial, coas industrias fordistas, puido semellar durante un breve momento histórico que a sociedade do traballo se consolidara como un sistema de perpetua prosperidade, no que o carácter insoportábel do sistema de autoobrigas puidera ser aplacado de forma duradeira mediante o consumo masivo e o Estado social. Esta concepción, ademais de ter sido sempre unha idea democrática de helotes, que só se refería a pequenas minorías da poboación mundial, quedou tamén en ridículo nos centros do sistema. A sociedade do traballo bateu co seu límite histórico coa terceira revolución industrial, a da microelectrónica.

Era algo loxicamente predicíbel que este límite tiña que acadarse antes ou despois, xa que o sistema de produción mercantil sofre de nacemento dunha contradición incurábel. Por un lado vive de explotar para a súa maquinaria enerxía humana en grandes cantidades a través do dispendio de man de obra. Por outro lado, a lei da competencia empresarial esixe un crecemento continuo da produtividade, de xeito que a man de obra se substitúe por capital empresarial tecnificado.

Esta contradición inherente xa fora a causa profunda de todas as crises anteriores, entre elas a devastadora crise mundial de 1929-33. Estas crises, porén, sempre puideron ser superadas grazas a un mecanismo de compensación: sobre o xa elevado nivel de produtividade absorbeuse novamente máis traballo –moito

máis do que estaba planificado– a través da expansión dos mercados, que despois dun certo tempo de incubación abastecían novas camadas de consumidores. A man de obra por produto diminuíu, pero creábanse máis produtos no mesmo espazo de tempo, de xeito que esta diminución compensaba. A contradición do sistema puido traducirse en movemento de expansión mentres as innovacións do produto superaron as innovacións do proceso.

O exemplo histórico máis salientábel é o automóbil. A fabricación en cadea e outras técnicas de racionalización economicista do traballo –probadas inicialmente na fábrica de Henry Ford en Detroit– minugaron nunha fracción temporal o tempo de traballo por coche. Ao mesmo tempo, o traballo condensouse enormemente, é dicir, a explotación de material humano multiplicouse exponencialmente sen se variar o tempo de traballo.

O automóbil, até o daquela artigo de luxo accesíbel para algúns centos de individuos, puido, debido ao seu abaratamento, penetrar no consumo de masas.

Deste xeito, a pesar da racionalización do traballo en cadea, na segunda revolución industrial que foi o “fordismo” foi posíbel satisfacer, a un nivel moi elevado, o insaciábel apetito do ídolo traballo por enerxía humana.

O automóbil é un exemplo central para observar o carácter destrutivo das formas de produción e consumo da sociedade do traballo altamente desenvolvida. En beneficio da produción en masa dos automóbeis e da circulación masiva de vehículos privados asfáltase e aféase a paisaxe, líxase o medio ambiente e asúmese con indiferenza que ano si e ano tamén a non decla-

rada Terceira Guerra Mundial estale nas estradas causando millóns de mortes e mutilacións.

Na terceira revolución industrial, a da microelectrónica, desaparece o anterior mecanismo de compensación mediante a expansión. Certo é que por causa da microelectrónica abarátanse moitos produtos e invéntanse outros novos, sobre todo no ámbito dos medios, mais por primeira vez o ritmo de innovación no proceso superou ao ritmo de innovación no produto. Xa que logo, por vez primeira desapareceu máis traballo por causa da racionalización do que por outro lado podía reabsorber a expansión do mercado. Como lóxica consecuencia da racionalización, a robótica electrónica substitúe a enerxía humana, as novas tecnoloxías da comunicación fan que o traballo sexa superfluo. Sectores enteiros da construción, da produción, da mercadotecnia, do almacenamento, departamentos de vendas ou mesmo de xestión desaparecen totalmente. Por vez primeira, o ídolo do traballo esixe unha forzosa ración de fame duradeira que o leva cara á súa propia morte.

Como as sociedades de traballo democráticas constitúen un sistema de autofinalidades fechado sobre si mesmo que dispndia a forza de traballo, non é posible unha desactivación deste sistema por medio da diminución xeral do tempo de traballo. A racionalidade empresarial demanda, por un lado, que unha masa de individuos sempre en aumento estea en paro por longo tempo e que, en consecuencia, as súas vidas sexan cortadas segundo o patrón da reprodución inmanente ao sistema. Pola outra banda, somete cada vez a unha maior presión, no que respecta a traballo

e eficiencia, á sempre diminuínte cifra de “ocupados”. No medio da riqueza, no centro mesmo do capitalismo, retornan a fame e a pobreza. As parcelas da construción e os campos de cultivo quedan ermos, vivendas e edificios públicos están maioritariamente baleiros mentres os sen fogar aumentan imparabelmente.

O capitalismo tórnase un espectáculo global para minorías. Na súa situación de necesidade, o agónico ídolo do traballo devórase a si mesmo. Na procura de alimento laboral o capital salta por riba das fronteiras da economía nacional e globalízase no marco dunha competencia nómade na que cada grupo pula por desaloxar a outro. Rexións enteiras do mundo son moduladas segundo os fluxos globais de capital e mercadorías. Nunha vaga histórica de fusións e asimilacións hostís sen precedentes, os consorcios prepáranse para o último combate empresarial. Os Estados e as nacións, desorganizados, imploran á poboación, empurrada para a loucura por mor da competición pola supervivencia, a caer nunha guerra étnica de bandos.



O principio moral básico é o dereito do home ao seu traballo. (...)
Ao meu ver non hai nada máis detestábel que unha vida ociosa.
Ningún de nós ten dereito a iso. A civilización non ten
sitio para os ociosos.“

(HENRY FORD)

O propio capital é a contradición en proceso, pois tende a
reducir o tempo de traballo a un mínimo, na medida en que
pon, por outro lado, o tempo de traballo como única medida e
fonte de riqueza. (...) Así, por un lado, evoca para a vida todos
os poderes da ciencia e da natureza, así como da combinación e
do intercambio social para facer que a creación da riqueza sexa
(relativamente) independente do tempo de traballo empregado
nela. Por outro lado, pretende medir as así creadas xigantescas
forzas sociais polo tempo de traballo, e contelas nos límites
esixidos para manter como valor o valor xa creado. „

(KARL MARX,

Fundamentos de economía política 1857/ 58)

12. O FINAL DA POLÍTICA

A crise do traballo leva necesariamente consigo a crise do Estado e en consecuencia tamén a crise da política. O Estado moderno debe basicamente o seu éxito ao feito de necesitar o sistema de produción unha instancia superior que garanta o marco da competencia, as bases comúns do dereito e as esixencias da valorización –coa inclusión do aparato de represión para o caso de que o material humano se rebele contra o sistema–. Na súa madurecida forma de democracia de masas, o Estado tivo que asumir no século XX deberes socioeconómicos crecentes: a isto pertence non só a rede social, senón tamén a saúde, a educación, as redes de transporte e comunicacións, infraestruturas de todo tipo que se tornaron irrenunciábeis para o funcionamento da sociedade de traballo avanzada industrialmente, pero que non poden ser organizadas como proceso de capitalización da economía industrial. Como estas infraestruturas teñen que ser dispoñíbeis de forma duradeira e cubrir á sociedade no seu conxunto, non poden seguir as conxunturas de oferta e demanda do mercado.

O Estado non é ningunha unidade autónoma de valorización do capital e polo tanto non pode transformar traballo en cartos, así que ten que quitar cartos do proceso real de valorización para financiar os seus deberes. Se se esgota a capitalización esgótanse tamén as finanzas estatais. O pretendido Estado soberano amósase totalmente dependente respecto da economía cega e fetichizada da sociedade do traballo. Pode legislar á vontade, mais cando as forzas produtivas

medran por riba do sistema do traballo, o dereito estatal obxectivo queda no aire, porque só se pode referir a suxeitos do traballo.

Co desemprego masivo sempre en aumento, as arcas do Estado, que proveñen dos impostos sobre os soldos, secan. As redes sociais ráchanse tan pronto se acada unha masa determinada de “superfluos” que no modelo capitalista só poden ser mantidos mediante redistribución doutros soldos. Na crise, co rápido proceso de concentración do capital que soborda as fronteiras das economías nacionais, desaparecen tamén as rendas estatais obtidas dos impostos sobre os beneficios das empresas. Os consorcios transnacionais obrigan aos Estados que compiten polos investimentos a faceren dumping fiscal, social e ecolóxico.

É xusto esta transformación a que fai mutar ao Estado democrático en puro administrador da crise. Canto máis se achega a emerxencia financeira, máis se reduce o Estado ao seu núcleo represivo. As infraestruturas rediríxense ás necesidades do capital transnacional. Como antes nas colonias, a loxística social limitase cada vez máis a menos centros económicos, mentres o resto queda baleiro como un deserto. O que é privatizábel, privatízase, incluso cando así cada vez máis persoas quedan fóra dos abastecementos máis elementares. Cando a utilización do capital se concentra cada vez en menos illas do mercado mundial, deixa de ser posíbel abastecer a toda a poboación dun territorio.

Mentres non afecte directamente aos ámbitos económicos relevantes non interesa se os trens circulan e

as cartas chegan. A educación convértese no privilegio dos triunfadores da globalización. Seguindo o criterio da accesibilidade ao mercado, a cultura máis humanista, artística e teórica é excluída e esmorece. A saúde deixa de ser financiábel e dexenera nun sistema de clases. A lei da eutanasia social funciona primeiro ás agachadas, despois abertamente: porque es pobre e “innecesario” tes que morrer antes.

Todos os coñecementos, destrezas e medios da medicina, da educación, da cultura, das infraestruturas en xeral están ao alcance da man, mais son postos baixo chave, desmobilizados e enferruxados seguindo a irracional lei da “restrición de financiamento” da sociedade do traballo –xusto como os medios de produción agraria e industrial, que xa non poden ser imaxinados “rendíbeis”–.

O Estado democrático transformado en sistema de apartheid non ten máis que ofrecer aos seus ex cidadáns, agás a desaparición de todas as prestacións e a simulación represiva do traballo a través das formas do traballo obrigado e o traballo barato. Nun estadio máis avanzado é a propia administración estatal a que se afunde. Os aparatos do Estado asilvéstranse converténdose nunha cleptocracia corrupta, o exército transfórmase en bandas mafiosas, a policía en asaltantes de estradas.

Non hai política no mundo que poida deter e, menos aínda, inverter esta evolución, porque a política debe o seu ser á actuación estatal, e nas circunstancias da desestatalización perde o seu obxecto. A forma da esquerda democrática da “configuración política” das relacións queda cada día máis en ridículo. Fóra da

represión sen fin, da destrución da civilización e das axudas ao terrorismo económico non hai máis nada que “configurar”. Xa que a autoimposición do traballo é un presuposto axiomático da democracia política, tampouco para a crise do traballo non pode haber ningunha regulación político-democrática. O final do traballo convértese no final da política.

13. A SIMULACIÓN CASINO-CAPITALISTA DO TRABALLO

A conciencia social imperante méntese sistematicamente a si mesma sobre o estado da sociedade do traballo. As rexións en colapso son excomulgadas ideoloxicamente, falséanse sen escrúpulos as estatísticas do mercado de traballo, os medios maquillan as formas de depauperización. O trazo principal do capitalismo de crise é a simulación. O mesmo acontece na economía. Mesmo cando nos países occidentais (o núcleo do sistema), parece de momento que o capital se pode acumular incluso sen traballo e a pura forma insubstancial dos cartos garante a valoración do valor, esta aparencia débese ao proceso de simulación dos mercados de finanzas. A imaxe e semellanza da simulación do traballo a través de medidas coercitivas da administración democrática do traballo, formouse unha valoración capitalista mediante o distanciamento especulativo entre os sistemas de crédito e as accións de mercado, por un lado, e a economía real, polo outro.

O consumo de traballo do presente substitúese polo recurso á utilización dun traballo futuro, que xa nunca chegará a realizarse. Trátase en certo modo dunha acumulación do capital nun ficticio futuro hipotético. O capital-diñeiro, que xa non pode ser reinvestido con rendibilidade na economía real e que, xa que logo, non pode absorber máis traballo, ten que ser desviado de maneira crecente para os mercados financeiros.

Xa nos tempos do “milagre económico” o impulso *fordista* da valorización non se podía soste a si mesmo. Moí por riba dos impostos recadados, os créditos asumidos polo Estado acadaron unhas dimensións descoñecidas até entón. De non ser así, as condicións indispensábeis para a sociedade do traballo non se darían financiado. En consecuencia, o Estado empeñou os seus ingresos efectivos futuros.

Deste xeito apareceu, dunha banda, unha posibilidade de investimento financeiro capitalista para o capital-diñeiro “excedente” –que se emprestou ao Estado a cambio de xuros–. O Estado pagou os xuros con novos créditos e desviou novamente os caros emprestados ao mesmo círculo económico. Por outra banda, con iso financiáronse traballos sociais e investimentos de infraestruturas e acadouse unha demanda totalmente artificial no senso capitalista, xa que o dispendio do traballo produtivo non sostiña de ningún modo esta demanda. Deste xeito o *boom* fordista alongouse sobre o seu alcance real, ao tempo que hipotecaba o seu propio futuro. Este momento xa simulativo do proceso de valoración, aparentemente intacto, bateu contra os seus límites coincidindo co endebedamento estatal. As crises provocadas pola débeda estatal, non só no Terceiro Mundo, senón tamén nos centros, impediron que a expansión continuara por estes medios. Esta era a base obxectiva do paseo triunfal do desregulamento neoliberal, que xa por ideoloxía debía ir acompañado dunha redución drástica da cota estatal dedicada ao produto social. En realidade, o desregulamento e o desmantelamento das responsabilidades do Estado compénsanse cos custos da crise, que se realizan en forma de custos de simu-

lación e represión estatais. Desta maneira, en moitos países a cota estatal mesmo se ve incrementada.

Mais a posterior acumulación do capital xa non se pode simular mediante o endebedamento estatal. Por iso, a partir dos anos 80, a creación adicional do capital ficticio trasládase ao mercado de accións. Alí hai tempo que xa non importan os dividendos e a participación nos beneficios da produción real. Trátase só da plusvalía, do ascenso especulativo dos valores dos títulos de propiedade até cifras astronómicas. A relación entre a economía real e os movementos do mercado financeiro revirouse de todo, mudou de pés a cabeza. Xa non é o aumento especulativo das accións o que anticipa a expansión económica real, senón ao revés: A alza dos valores creados simula unha acumulación real que xa non existe.

O ídolo traballo está clinicamente morto, pero respira artificialmente a través da expansión, aparentemente independente, dos mercados financeiros. As empresas obteñen beneficios que nada teñen a ver co ruinoso negocio da produción, senón cun departamento financeiro espelido que participa na especulación de accións e divisas. Os orzamentos públicos presentan ingresos que xa non veñen de impostos ou créditos, senón da participación celosa da administración financeira no mercado de tafures. E os orzamentos das familias, cuxos ingresos reais, os soldos, recúan dramaticamente, permítense continuar nun elevado nivel de consumo en tanto que se hipotecan as ganancias das accións. Así aparece unha nova forma de demanda artificial, que pola súa vez atrae cara a si a produción real e as recadacións estatais, que teñen os pés

no aire. Deste xeito, o proceso especulativo permite adiar a crise económica. O ascenso ficticio dos valores só pode ser a anticipación dunha futura utilización real do traballo (en consonancia, en dimensións astronómicas) que nunca chegará. Por iso ten de aparecer unha náusea obxectiva após un debido tempo de incubación. A creba dos “mercados emerxentes” en Asia, Latinoamérica e Europa do Leste foi o aperitivo. Só é cuestión de tempo que os mercados financeiros, os centros capitalistas nos Estados Unidos, na Unión Europea e en Xapón se colapsen tamén.

A conciencia fetichista da sociedade de traballo e mesmo tamén os “críticos do capitalismo” da esquerda e da dereita tradicionais perciben este contexto de xeito totalmente distorsionado. Obcecados na pantasma do traballo elevado a condición existencial positiva e suprahistórica, confunden sistematicamente causa e efecto. O aprazamento transitorio da crise mediante a expansión especulativa dos mercados financeiros aparece así, de maneira invertida, como suposta causa da crise. Os “malvados especuladores”, como se di con máis ou menos pánico, poderían estragar a fermosa sociedade do traballo, porque dilapidan caprichosamente o bo e abondoso diñeiro, no canto de o investiren valente e solidamente en maravillosos “postos de traballo” para que unha sociedade de helotes toliños polo traballo poida seguir a ter o seu “pleno emprego”. Simplemente non lles entra na cabeza que non foi a especulación a que fixo parar os investimentos reais, senón que estes deixaron xa de ser rendíbeis debido á terceira revolución industrial e que o aumento da especulación é só un síntoma disto.

Os cartos, que aparentemente circulan por aí en cantidade inesgotábel, hai tempo que xa non son “bos” no senso capitalista, senón simplemente aire quente co que inchar a burbulla especulativa. Calquera intento de drenar esta burbulla recorrendo a proxectos tributarios máis ou menos imaxinativos (“taxa Tobin”, etc.) para redirixir o capital-diñeiro a regos supostamente “correctos” e reais da sociedade de traballo, só pode acabar co estoupido aínda máis rápido da burbulla.

Non queremos asumir que todos nós nos tornaremos inexorablemente non rendíbeis e que, por iso, o criterio mesmo da rendibilidade, baseado na sociedade do traballo, se volve obsoleto. En vez disto, preferimos demonizar os “especuladores”. Tanto a extrema dereita como os independentes, os dignos funcionarios sindicais como os keynesianos nostálxicos, os teólogos do social como os presentadores de talk-shows, os apóstolos todos do “traballo sincero” cultivan esta imaxe fácil do inimigo. Poucos son conscientes de que entre isto e a reactivación da loucura antisemita só hai un pequeno paso. A última palabra dunha “esquerda dos postos de traballo” desarmada intelectualmente ameaza con ser a súplica ao capital-real (“produtivo” e de sangue nacional) contra o capital-diñeiro “usu-reiro”, internacional e xudeu. Esta é tamén a última palabra da “dereita dos postos de traballo”, de sempre racista, antisemita e antiamericana, iso xa se sabía.

Unha vez que o traballo na súa forma inmediata deixou de ser a grande fonte da riqueza, o tempo de traballo deixa e ten que deixar de ser a súa medida e por tanto o valor de cambio [a medida] do valor de uso. [...] Desta maneira esfarélese a produción fundada no valor de cambio e o propio proceso de produción material inmediato despóxase por si mesmo da forma da insuficiencia e da contrariedade.

(KARL MARX,
Contribución á crítica da economía política, 1857-58)

14. O TRABALLO NON SE PODE REDEFINIR

Despois de séculos de preparación o humano moderno malamente pode imaxinar unha vida máis aló do traballo. Como principio imperial o traballo non domina só a esfera da economía en senso estrito, senón que atravesa todo o ser social deica os poros do cotián e da vida privada. O “tempo libre”, xa en sentido literal un concepto-trampa, hai tempo que serve para “renovar” os produtos, facilitando así a distancia necesaria.

Mais incluso o deber autoasumido do consumo proxecta as sombras do traballo sobre o individuo moderno fóra da oficina e da fábrica. Tan axiña como se levanta do sofá da tele, cada tarefa transfórmase inmediatamente en pseudolaboral. Quen vai correr substitúe o reloxo para fichar na empresa polo cronómetro; no ximnasio, co escintilar da luz de neon, o muíño interminábel experimenta o seu renacer posmoderno, e os veraneantes acumulan quilómetros no coche como se tivesen que conseguir o rendimento dun camioneiro. Mesmo o sexo se orienta ás normas DIN⁵ da investigación sexual e a parámetros de competencia das bravatas dos *talk-shows*.

5. DIN. Siglas de Deutsche Industrie Normen (Normas Industriais Alemás), que definen o estándar dos produtos e que teñen o seu equivalente internacional nas normas ISO 9000, un conxunto de normas de calidade establecidas pola International Organization for Standardization (Organización Internacional para a Estandarización). (N. da T.)

Se o rei Midas sufría como maldición que todo o que tocaba se transformaba en ouro, o seu moderno compañeiro de fatigas xa superou este estadio. O individuo de traballo xa non se decata de que a través do seu igualamento co modelo do traballo calquera acción perde a súa especial calidade sensorial e se torna indiferente. Por contra: só mide o sentido, a xustificación e a significación social dunha actividade mediante este igualamento coa indiferenza do mundo das mercadorías.

Co sentimento de dó, por exemplo, o suxeito de traballo non pode facer grande cousa; a transformación do loito en “traballo de loito” converte o corpo emocionalmente alleo nunha dimensión coñecida, que o individuo pode compartir cos seus semellantes. Incluso os soños se converten en “traballar en soños”; o confronto cunha persoa querida, en “traballar por unha relación”, e o trato con meniños é desrealizado e indiferenciado como “o traballo de educar”. Sempre que o individuo moderno quere puntualizar a seriedade do seu facer, daquela xa ten a palabra “traballo” nos beizos.

Así é que o imperialismo do traballo se deixa notar no cotián das prácticas lingüísticas. Non só estamos afeitos a empregar a palabra “traballo” de xeito inflacionario, senón tamén a empregala con dous significados totalmente distintos. “Traballo” xa non significa só (como sería axeitado) a forma de actividade capitalista na roda de autoobrigas, senón que esta expresión se volveu sinónimo de calquera esforzo concreto, difuminando así as súas marcas.

Esta indefinición conceptual prepara o terreo para unha crítica pouco seria á sociedade do traballo, que

opera xustamente en dirección contraria, é dicir, na dirección do imperialismo do traballo connotado positivamente. Á sociedade do traballo repróchaselle precisamente que aínda non domina abondo a vida coa súa forma de ocupación, porque define aparentemente a noción traballo de maneira demasiado restritiva, excomungando moralmente o “traballo por iniciativa propia” ou a “axuda non remunerada” (traballo doméstico, traballo veciñal, etc.) e facendo que só o traballo retribuído segundo criterios de mercado valla como auténtico.

Unha nova valoración e ampliación da noción traballo debe superar esta fixación parcial e as xerarquías a isto asociadas. Dende esta perspectiva non se propón, xa que logo, a emancipación das obrigas imperantes, senón unha reparación exclusivamente semántica. A enorme crise da sociedade do traballo debe ser solucionada mediante a elevación das formas de ocupación inferiores da esfera capitalista á aristocracia do traballo. Mais a inferioridade destas ocupacións non é só o resultado dunha perspectiva ideolóxica concreta, senón que pertence á estrutura básica do sistema de produción de mercadorías e non pode ser derogado mediante amábeis redefinicións morais.

Nunha sociedade dominada pola autoobriga da produción de mercadorías, só pode estar en vigor como riqueza real aquilo que é representábel na forma diñeiro. O concepto de traballo así determinado proxéctase imperialmente en todas as outras esferas, mais só en negativo, na medida en que as fai recoñecíbeis en tanto que dependentes del. As esferas fóra da produción fican necesariamente nas sombras da esfera de produción capitalista, porque non coinciden coa abs-

tracta lóxica empresarial de aforro temporal –incluso e precisamente cando son absolutamente necesarias, como o ámbito ocupacional do traballo doméstico, da atención ás persoas, etc., ámbito apartado e definido como “feminino”–.

Unha ampliación moralista da noción traballo en lugar dunha crítica radical non só agocha o imperialismo social real da economía de produción, senón que no mellor dos casos insírea nas estratexias autoritarias da administración estatal da crise. A esixencia, elevada a partir dos anos setenta, de recoñecer socialmente tamén o “traballo doméstico” e as actividades no “sector terciario” como traballo pleno, especulaba principalmente con contrapartidas financeiras estatais. Non obstante, o Estado en crise dálle a volta á tortilla e mobiliza o ímpeto moral desta esixencia no sentido do coñecido “principio subsidiario”, precisamente contra as súas esperanzas materiais.

A oda dos cargos honoríficos e do traballo cívico non fala de ningunha autorización para remexer nas arcas estatais –bastante baleiras–, senón que é unha escusa para o retroceso social do Estado, para os programas de traballo forzoso que están a funcionar e mais para o intento mesquiño de facer cargar principalmente ás mulleres co peso da crise.

As institucións sociais oficiais abandonan a súa responsabilidade social co chamamento (tan agradábel como gratuíto) a “todos nós” –mais preferibelmente con iniciativa privada– a loitarmos contra a miseria propia e allea e a non presentarmos máis esixencias materiais. Esta definición, que nun malabarismo teórico nos fai malentender o sempre sagrado traballo

como un programa emancipatorio, abre así as portas ao intento estatal de abolir o traballo asalariado mediante a supresión do salario (mais mantendo o traballo) na terra arrasada da economía de mercado. Con isto apúntase involuntariamente a que a emancipación social hoxe non pode ter como contido a revalorización do traballo, senón só a súa desvalorización consciente.

„Ademais dos servizos materiais, os servizos doados e relacionados con outras persoas (personenbezogen) tamén poden elevar o benestar inmaterial. Así, pódese elevar o benestar dun cliente cando un prestador de servizo (Dienstleiter) lle retira traballo que el propio tería que facer. Ao mesmo tempo, elévase o benestar dos prestadores de servizo, xa que a súa autoestima se eleva a través da actividade. Exercer un servizo doado e relacionado con persoas é mellor para a psique que estar desempleado.“

(Relatorio da Comisión para cuestións de Futuro dos Estado Libres de Baviera e de Saxonia, 1997).

Cínguetes ao coñecemento comprobado no traballo, pois a propia natureza confirma e afirma este coñecemento. No fondo non tes outro coñecemento que non sexa o que adquiriches a través do traballo, todo o resto só é unha hipótese do saber.

*(THOMAS CARLYLE,
Traballar e non desesperar, 1843).*

15. A CRISE DA LOITA DE INTERESES

Por moito que a crise fundamental do traballo sexa ocultada e convertida en tabú, a verdade é que determina todos os conflitos sociais actuais. O paso dunha sociedade de integración das masas a unha orde de selección e apartheid non conduciu a unha nova xeira da antiga loita de clases entre capital e traballo, senón a unha crise das categorías da propia loita de intereses inherentes ao sistema. Xa na época de prosperidade que seguiu á Segunda Guerra Mundial palidecera a antiga énfase da loita de clases. Mais non porque o suxeito “en si mesmo” revolucionario fora “integrado”, a través de maquinacións e subornos, nun discutíbel benestar, senón porque, pola contra, durante o estadio de desenvolvemento fordista, a identidade lóxica de capital e traballo desvelouse como unha categoría funcional dunha mesma forma social fetichizada. O desexo, consubstancial ao sistema, de vender nas mellores condicións posíbeis a mercadoría man de obra perdeu calquera sentido transcendente.

Se aínda nos 70 se intentaba conseguir a participación de segmentos sociais cada vez máis amplos nos venenosos froitos da sociedade do traballo, este impulso disolveuse baixo as novas condicións de crise da terceira revolución industrial. Só mentres a sociedade do traballo se estaba a expandir foi posíbel dirixir a grande escala a loita de intereses das súas categorías sociais funcionais.

Con todo, da mesma medida en que se vén abaixo a base común, os intereses inmanentes ao sistema deixan de se poder engadir ao mesmo plano social

xeral. Desencadéase unha desolidarización absoluta. Os traballadores asalariados desertan dos sindicatos, as xerentes abandonan asociacións empresariais. Cada un para si e o deus do sistema contra todos: a tan invocada individualización non é máis que un outro síntoma da sociedade do traballo.

Os intereses que aínda poidan ser agregados serano só a nivel microeconómico. Porque na mesma medida en que pasa a ser un privilexio –coa burla á emancipación social que isto supón– deixarse machacar a propia vida pola economía empresarial, tamén a tarefa de representar os intereses da mercadoría man de obra dexenera nunha brutal política de lobbys para segmentos sociais cada vez menores.

Quen acepta a lóxica do traballo ten agora que aceptar tamén a lóxica do apartheid. Xa só se trata de asegurarlle á propia clientela, estritamente delimitada, que pode seguir a vender a súa pel á custa de todos os demais.

Hai tempo que os obreiros e os comités de empresa non teñen os seus verdadeiros inimigos na dirección das súas empresas, senón nas empresas e enclaves en competencia polos salarios; que estean no poboación do lado ou no Extremo Oriente dá o mesmo. E cando se dubida quen vai ter que pasar polo coitelo na próxima vaga de racionalización empresarial, tamén o departamento veciño e o colega imprescindíbel se converten en inimigos.

A desolidarización radical está lonxe de afectar só aos conflitos empresariais e sindicais, xa que xusto na crise da sociedade do traballo todas as categorías funcionais se obstinan con maior fanatismo na súa

lóxica inherente. Domina nos conflitos de intereses o principio de “sálvese quen poida”, que di que calquera benestar humano só é o mero produto residual dunha valorización rendíbel. Todos os lobbys coñecen as regras do xogo e actúan de acordo con elas. Calquera territorio que consiga outra clientela está perdido para a propia. Calquera no outro cabo da rede social eleva a posibilidade de adiar o noso aforcamento. O pensionista convértese no inimigo natural de todos os contribuíntes; o enfermo, no inimigo de todos os asegurados, e o inmigrante, en obxecto de odio de todos os nativos asalvaxados.

Deste xeito fracasa irreversiblemente a pretensión de usar a loita de intereses inmanentes ao sistema como panca da emancipación social. Desta maneira, por tanto, a esquerda clásica chega ao seu fin. O renacer dunha crítica social ao capitalismo esixe a ruptura categórica coa sociedade do traballo. Só cando se establece un novo obxectivo da emancipación social, máis aló do traballo e das categorías fetiche derivadas del (valor, mercadoría, diñeiro, forma xurídica, nación, democracia, etc.) será posíbel unha resolidarización na súa maior expresión e común a toda a sociedade. E só dende esta perspectiva poderán tamén as loitas defensivas, inmanentes ao sistema, ser reincorporadas contra a lóxica do illamento en lobbys e mais da individualización, mais agora efectivamente xa non en relación positiva respecto ás categorías dominantes, senón en relación estratexicamente negativa.

Até o de agora a esquerda tentou esquivar unha ruptura categórica coa sociedade do traballo. Minimiza as obrigacións do sistema a pura ideoloxía e a lóxica

da crise a mero proxecto político dos “dominantes”. En vez da ruptura categórica aparece a nostalgia socialdemócrata e keynesiana. Non se aspira a unha nova comunidade social concreta alén do traballo abstracto e da forma diñeiro, senón que a esquerda está obstinada en aferrarse á xeneralidade abstracta de interese inmanente ao sistema. Mais estes mesmos intentos fican no plano abstracto e non poden integrar ningún movemento de masas porque eluden as condicións reais da crise.

Isto funciona especialmente para a demanda dun diñeiro que garanta a subsistencia ou dun salario mínimo. En lugar de uniren as loitas sociais, defensivas e concretas, cun programa conxunto contra o traballo, contra determinadas medidas do réxime de apartheid, tales reivindicacións pretenden establecer unha falsa unidade da crítica social, que segue a ser a todas luces abstracta, desamparada e inmanente ao sistema. Presuponse con ignorancia o funcionamento eterno da sociedade global do traballo, pois de onde virían os cartos para financiar este salario base garantido polo Estado, senón de exitosos procesos de valorización? Quen conta con estes “dividendos sociais” (xa o nome o di todo) ten ao mesmo tempo que acomodarse discretamente nunha posición privilexiada do “propio” país na competencia global, porque só a vitoria na guerra mundial dos mercados podería permitir temporalmente alimentar algúns millóns de comensais capitalistas excedentes –excluíndo a todos os que non teñan o pasaporte nacional, enténdese–.

Os reformistas afeccionados que reivindican a renda básica ignoran, en todos os aspectos, a concepción ca-

pitalista da forma diñeiro. A fin de contas só se trata de, tendo que escoller entre o suxeito capitalista de traballo e o suxeito capitalista de consumo, salvar este último. No canto de cuestionar minimamente a forma de vida capitalista, o que se pretende é –a pesar da crise do traballo– seguir enterrando o mundo baixo aludes de chatarra fedorenta, feos bloques de formigón e moreas de obxectos sen valor ningún, para que ás persoas só lles fiquen a única miserábel liberdade que aínda poden imaxinar: a liberdade de escolla nos andeis dos supermercados.

Mais incluso esta perspectiva triste e limitada é totalmente ilusoria. Os analfabetos teóricos, que son os protagonistas da esquerda, esqueceron que o consumo capitalista nunca serve unicamente á satisfacción de necesidades, senón que só pode ser unha función do movemento de valorización. Cando xa non se pode vender a man de obra, as propias necesidades elementares se converten en desvergonzadas e luxosas aspiracións que deben ser rebaixadas ao mínimo. O programa da renda básica será un instrumento para a redución dos custes estatais; será a versión pobre das transferencias sociais, que aparecen en lugar dos colapsados sistemas de seguridade social. Foi neste sentido no que o precursor do neoliberalismo, Milton Friedman, deseñou orixinalmente o concepto da renda básica, antes de que unha esquerda desarmada o redescubriese como suposta táboa de salvación. E con este contido neoliberal farase realidade –ou nin sequera–.

Comprobouse que debido ás inevitábeis leis da natureza humana,
algúns seres humanos terán que estar expostos á necesidade. Son
estas persoas desgraciadas, que na grande
lotería da vida non colleron nada.

(THOMAS ROBERT MALTHUS)

16. A ABOLICIÓN DO TRABALLO

A ruptura categórica co traballo non se atopa cunha situación social preparada e determinada obxectivamente como a da loita de intereses inmanente e limitada ao sistema, senón que é unha ruptura coa falsa lei obxectiva dunha “segunda natureza”. Esta lei non é, por tanto, a repetición dunha execución case automática, senón dunha conciencia enganosa: negación e rebelión sen ningunha “lei da historia” que a sustente. O punto de partida non pode ser ningún novo principio abstracto e xeral, senón só o noxo perante a propia existencia como suxeito de traballo e de concorrència e a negación categórica de ter que seguir funcionando a un nivel cada vez máis miserábel.

A pesar da súa dominación absoluta, ao traballo nunha lle foi posíbel eliminar de todo o desagrado fronte ás obrigas que establece. A carón de todos os fundamentalismos regresivos e toda a tola concorrència da selección social hai tamén un potencial de protesta e de resistencia. O malestar co capitalismo está masivamente presente, mais é confinado á clandestinidade sociopsíquica. Non se apela a este malestar. Por iso precisamos dun novo espazo libre intelectual, para que o impensábel poida facerse pensábel. Hai que romper o monopolio da interpretación do mundo do campo de traballo. Á crítica teórica do traballo tócalle tamén o papel de catalizador. Ten a función de atacar frontalmente as prohibicións que dominan o pensamento e de dicir alto e claro o que ninguén se atreve a saber, mais que moitos intúen: a sociedade de traballo chegou ao seu final definitivo. E non hai a máis

mínima razón para lamentar o seu pasamento. Agora a crítica explícita ao traballo e o debate teórico correspondente poden crear un espazo público novo e alternativo. A premisa irrenunciábel para isto é que se constituía un movemento social práctico contra o traballo. As disputas internas dentro do campo de traballo están esgotadas e tórnanse cada vez máis absurdas. Cada vez é máis urxente redefinir as liñas sociais de loita, a través das cales se pode formar unha coalición contra o traballo.

Pódense trazar a grandes trazos os posíbeis obxectivos dun mundo alén do traballo. O programa contra o traballo non se alimenta dun canon de principios positivos, senón da forza da negación. Se o traballo se estableceu ao desposuír ás persoas das circunstancias das súas propias vidas, entón a negación da sociedade do traballo só pode radicar en que as persoas se reapropien das súas relacións sociais a un nivel histórico máis alto. Por iso os adversarios do traballo han aspirar á formación de asociacións de individuos libremente asociados en todo o mundo, asociacións que arrebatan os medios de produción e de existencia ás baleiras máquinas de traballo e valorización. Só na loita contra a monopolización por parte das forzas alienantes do mercado e do Estado de todos os recursos sociais e potenciais de riqueza se poden conquistar espazos sociais emancipados.

Da mesma maneira, tamén se pode atacar a propiedade privada dun xeito novo e distinto. Para a esquerda, até o de agora, a propiedade privada non era a forma xurídica do sistema de produción de mercadorías, senón soamente o ominoso e subxectivo “poder de dis-

posición” dos capitalistas sobre os recursos. Así puido xurdir a absurda pretensión de superar a propiedade privada no espazo de produción de mercadorías. Por iso, como oposto da propiedade privada, aparecía normalmente a propiedade estatal (“estatalización”).

Mais o Estado non é outra cousa que unha comunidade imposta desde fóra ou unha xeneralidade abstracta dos produtores socialmente atomizados, sendo así a propiedade estatal só unha forma derivada da propiedade privada –tanto ten que se lle poña adxectivo “socialista” como que non–.

Na crise da sociedade de traballo tórnanse obsoletas tanto a propiedade privada como a estatal, porque ambas formas de propiedade requiren en igual medida o proceso de valorización. Precisamente por isto os medios materiais correspondentes quedan progresivamente en desuso e acaban por ser pechados. E os funcionarios estatais, empresariais e xurídicos velan celosamente por que isto siga así: mellor que os medios de produción se enferruxen que que sexan empregados para outro fin. Xa que logo, conquistar os medios de produción mediante asociacións libres contra a imposición da administración estatal e xurídica só pode implicar que estes medios de produción non se volverán mobilizar en forma de produción de mercadorías para mercados anónimos.

No lugar da produción de mercadorías aparecen o debate directo, os acordos e a decisión común dos membros da sociedade sobre o uso axeitado dos recursos. Estabélcese unha identidade social-institucional de produtores e consumidores, impensábel baixo o ditado das autoobrigas capitalistas. As institucións

alienantes de mercado e Estado son substituídas por un sistema de consellos rotativos, articulado dende o nivel dos bairros até o nivel mundial, no que as asociacións libres deciden sobre o fluxo dos recursos segundo criterios sensoriais, sociais e ecolóxicos.

Xa non é a autoobriga do traballo e da “ocupación” a que caracteriza a vida, senón a organización da aplicación sensata das posibilidades comúns, que non son movidas por ningunha “man invisíbel” e automática, senón mediante a actuación social consciente. A riqueza producida será empregada directamente segundo as necesidades, non segundo a capacidade de pago. Xunto co traballo desaparece o diñeiro como xeneralidade abstracta, así como tamén o Estado. En lugar de nacións separadas xorde unha sociedade mundial que xa non precisa de fronteiras, onde calquera persoa se pode mover libremente e reclamar en calquera sitio o dereito universal de acollida.

A crítica ao traballo é unha declaración de guerra á orde imperante e non unha convivencia pacífica coas súas imposicións. O lema da emancipación social só pode ser: “Collamos o que precisemos!”. Non nos axeonllemos máis baixo o xugo do mercado de traballo e da administración democrática da crise! A condición para isto é que as novas formas de organización social (asociacións libres, consellos) controlen as condicións da reprodución, que atinxen á sociedade no seu conxunto. Esta reivindicación distinga radicalmente os adversarios do traballo de todos os politiquiños e filosofiños do socialismo de xardín.

A dominación do traballo divide o individuo. Separa o suxeito económico do cidadán, o animal de carga

do individuo con lecer, a abstracción do público da abstracción do privado, a masculinidade construída da feminidade construída, e confronta os individuos individualizados co seu contexto social, que se torna unha forza allea dominante. Os adversarios do traballo aspiran á abolición desta esquizofrenia mediante a apropiación concreta do contexto social a través de accións humanas conscientes e autoreflexivas.

O traballo é en esencia a actividade non libre, non humana, non social, determinada pola propiedade privada e que crea/creando a propiedade privada. A superación da propiedade privada só será unha realidade cando sexa concibida como a superación do traballo.

(KARL MARX,
Sobre o libro de Friedrich List *O sistema nacional da economía política* 1845)

17. UN PROGRAMA DE ABOLICIÓNS CONTRA OS AMANTES DO TRABALLO

Váiselles reprochar aos adversarios do traballo que son fantasiosos. A historia demostrou que unha sociedade que non se basea nos principios do traballo, da obriga de render, da competencia do mercado económico e do beneficio individual non pode funcionar. Queredes vós, apólogos do estado dominante, defender daquela que a produción capitalista depa-rou de facto á maioría das persoas a unha aínda unha vida mesmo minimamente aceptábel? Chamádelo “funcionar” cando precisamente o crecemento caprichoso das forzas produtivas expulsa da humanidade a millóns de persoas que deberan estar contentas de poder sobrevivir sobre montes de lixo? Cando máis millóns aínda aturan unha vida sen descanso baixo o ditado do traballo porque se isolan e se tornan solitarios, porque silencian con pesar o seu entendemento e enferman física e psiquicamente? Cando o mundo vai ser transformado nun deserto, só para facer do diñeiro máis diñeiro? Pois ben. De feito este é o xeito en que “funciona” o voso grandioso sistema do traballo. Mais nós non queremos colaborar!

A vosa autosatisfacción baséase na ignorancia e na debilidade do voso pensamento. A única xustificación que atopades para os vosos crimes actuais e futuros é o estado do mundo, que se basea nos vosos crimes pasados. Esqueceste e ocultastes os masacres que foron necesarios até que a vosa mentira da “lei natural” torturou os cerebros até o punto de que é unha sorte ser designado por outros como

“ocupado” e deixarse zugar a enerxía vital para o fin abstracto e autoimposto do voso ídolo do sistema. Primeiro tiveron que ser erradicadas todas as institucións de autoorganización e cooperación autodeterminada das antigas sociedades agrarias, até que a humanidade por fin estivo en situación de interiorizar o dominio do traballo e do propio beneficio. Tal vez teña sido un traballo perfecto. Non somos esaxeradamente optimistas. Non podemos saber se vai ser posíbel liberarse desta existencia condicionada. Está por ver se o declive do traballo leva á superación desta loucura ou ao fin da civilización. Ides obxectar que coa abolición da propiedade privada e da obriga de gañar cartos vai desaparecer toda actividade e instalarse a preguiza xeral. Admitides daquela que todo o voso sistema “natural” se basea na pura obriga? É por iso que temedes a preguiza como un pecado capital contra o ídolo do traballo? Mais os adversarios do traballo non teñen nada contra a preguiza. Un dos seus obxectivos principais é reestabelecer a cultura do lecer, que antes coñecían todas as sociedades e que foi destruída para impoñer unha produción sen descanso e sen fin. Por iso os adversarios do traballo van pechar primeiramente todas as ramas da produción que só serven para manter, sen reparar nas perdas, a loucura autotélica do sistema de produción. Non falamos só de sectores abertamente perigosos para o común, como a industria automobilística, armamentística e nuclear, senón tamén da produción de tantas innumerábeis próteses de sentido e estraños divertimentos que pretenden substituír as estragadas vidas dos traballadores. Tamén desaparecerá a enorme cantidade de actividades que só existen porque as

masas de produtos teñen que pasar polo aro da forma diñeiro e seren espremidas con mediación do mercado. Ou pensades que aínda serán necesarios contábeis e taxadores, especialistas en mercadotecnia e vendedores, representantes e publicitarios en canto as cousas sexan elaboradas segundo as necesidades e todos collan só o que precisen? E para que tería que haber funcionarios de finanzas e policía, traballadores sociais e administradores da pobreza cando a propiedade privada xa non estea protexida, cando non impere a miseria social e ninguén vaia ser obrigado a aceptar as imposicións alienantes do sistema?

Xa escoitamos o clamor: as moitas prazas de traballo! Si ho. Contade con calma canto tempo de vida a humanidade se rouba a si mesma cada día só para amarear traballo morto, administrar persoas e engraxar o sistema dominante. Canto tempo poderíamos estar todos tomando o sol en vez de nos ocupar con cousas sobre as que, polo seu carácter grotesco, represivo e destrutor, foron escritas bibliotecas enteiras! Así que non teñades medo. De ningún xeito vai desaparecer toda actividade cando desaparezan as obrigas do traballo. Con certeza mudará o carácter de todas as actividades cando xa non estean relegadas á esfera autotélica e absurda de abstractos tempos en cadea, senón que poidan seguir a súa medida temporal propia, variábel individualmente e integrada en contextos persoais vitais; cando as persoas decidan tamén o decurso das grandes formas de organización da produción, en vez de que este sexa ditado polo beneficio empresarial. Por que deixarse acosar polas insolentes demandas dunha concorrencia imposta? Hai que redescubrir a lentitude.

Naturalmente non desaparecerán as actividades do fogar e do coidado das persoas, que na sociedade do traballo foron invisibilizadas, separadas e definidas como “femininas”. Cociñar é tan pouco automatizábel como cambiar os cueiros dos meniños. Cando, conxuntamente co traballo, sexa superada a separación das esferas sociais, estas actividades necesarias poderán saír á luz nunha organización social consciente alén das atribucións de xénero. Cando xa non subsumen ás persoas e son realizadas igualmente por homes e mulleres segundo necesidades e circunstancias, perden o seu carácter represivo.

Non dicimos con isto que todas as actividades se vaian converter nun pracer. Algunhas máis, outras menos. Por suposto que sempre hai cousas necesarias que teñen que se facer. Mais a quen lle vai meter medo, se a vida non vai ser comesta por elas? E cada vez haberá máis cousas que poderán ser feitas por propia iniciativa. Porque a actividade é unha necesidade, así como o é o ocio. O traballo nunca puido eliminar totalmente esta necesidade, senón só instrumentalizala e esgotala para si.

Os adversarios do traballo non son fanáticos nin dun activismo cego nin dun non-facer cego tamén. Lecer, actividades necesarias e actividades decididas libremente deben ser combinadas nunha relación significativa que se rexa segundo necesidades e condicións de vida.

Unha vez que ao traballo lle subtraian as obrigas específicas do capitalismo, coas forzas produtivas modernas, o tempo libre dispoñible poderase ampliar enormemente para todos. Por que pasar día a

día tantas horas en fábricas e oficinas cando máquinas de todo tipo nos poden alixeirar a maior parte destas actividades? Por que facer suar a centos de corpos, cando algunhas segadoras abundan? Por que malgastar a mente en actividades rotineiras que pode realizar sen máis un computador?

Evidentemente, para este fin só pode ser empregada unha parte mínima da técnica na súa forma capitalista. O groso dos agregados técnicos ten que ser totalmente modificado, xa que foron construídos segundo a torpe vara de medir da rendibilidade abstracta. Por outra parte, e por este mesmo motivo, moitas posibilidades técnicas non chegaron a ser desenvolvidas. Aínda que se pode aproveitar a enerxía solar en todos os lados, a sociedade do traballo chanta no mundo enerxías centralizadas e perigosas. E aínda que hai moito que se coñecen métodos respectuosos de produción agraria, o cálculo económico abstracto verte miles de velenos na auga, destrúe os solos e apesta o aire.

Por motivos puramente económicos, as pezas de construción e os alimentos dan tres veces a volta ao mundo, aínda que a maioría das cousas poidan ser facilmente fabricadas nos lugares de destino, sen seren precisos grandes traxectos de transporte. Unha grande parte da técnica capitalista é tan absurda e innecesaria como o sacrificio de enerxías humanas correspondente. Non vos estamos dicindo nada novo. Mais mesmo así, nunca ides tirar consecuencias disto todo que tan ben sabedes, porque vos negades a tomar calquera decisión consciente sobre que medios de produción, transporte e comunicación serían máis

axeitados e cales son prexudiciais ou simplemente innecesarios. Canto máis inquieto se remexe o voso mantra da liberdade democrática, máis teimades en rexeitar a máis elemental liberdade social de decisión, porque queredes continuar a servir o dominante cadáver do traballo e ás súas leis pseudo-naturais.



Que o traballo, mais non só nas circunstancias actuais, senón en xeral, ten como función a pura ampliación da riqueza, é dicir, que o traballo é en por si prexudicial e nefasto, isto acontece, sen que o economista nacional (Adam Smith) o saiba, en base aos seus propios razoamentos.

(KARL MARX,
Manuscritos económicos e filosóficos, 1844)

A nosa vida é o asasinato mediante o traballo,
hai sesenta anos que colgamos da corda
e patexamos, mais ímonos soltar.

(GEORG BÜCHNER,
A morte de Danton, 1835)

18. A LOITA CONTRA O TRABALLO É ANTIPOLÍTICA

A superación do traballo é calquera cousa menos unha utopía nebulosa. A sociedade mundial non pode continuar na súa forma actual outros 50 ou 100 anos. Que os adversarios do traballo se teñan que enfrontar a un ídolo do traballo xa clinicamente morto non fai necesariamente que a súa tarefa sexa máis doada. Canto máis se agrava a crise da sociedade de traballo e todos os intentos de poñer remedio acaban en fracaso, máis medra o abismo entre o illamento das mónadas sociais desasistidas e as esixencias dun movemento social de apropiación. O salvaxismo das relacións sociais en grandes áreas do mundo, cada vez maior, amosa que a vella conciencia do traballo e da competencia desce cada vez a niveis máis baixos. Malia o impulso do malestar contra o capitalismo, a descivilización a trancas e barrancas parece ser a maneira natural de evolución da crise.

Precisamente perante estas perspectivas negativas sería fatal presentar a crítica práctica do traballo como programa que abarca á sociedade no seu conxunto e limitarse a edificar unha precaria economía de subsistencia nas ruínas da sociedade de traballo. A crítica do traballo só ten unha opción cando loita contra corrente contra a desocialización no canto de se deixar levar por ela. Os estándares civilizatorios xa non se poden defender coa política democrática, senón só contra ela.

Quen aspira á apropiación emancipadora e á transformación do ámbito social na súa totalidade dificilmente pode ignorar as condicións do marco dado. É imposible rebelarse contra a expropiación dos propios potenciais sociais sen se enfrontar ao Estado. Porque o Estado non só xestiona aproximadamente a metade da riqueza social, senón que tamén asegura a subordinación obrigatoria de todos os potenciais sociais á lei da valorización. Así como os adversarios do traballo non poden ignorar Estado e política, tampouco se pode facer con eles nin Estado nin política.

Se a fin do traballo é tamén a fin da política, daquela un movemento político para a elevación do traballo sería unha contradición en si mesma. Os adversarios do traballo dirixen as súas esixencias ao Estado, mais non forman un partido político e tampouco o van formar. A finalidade da política só pode ser conquistar o aparato do Estado para continuar a sociedade do traballo. Por iso os adversarios do traballo non queren ocupar os centros neurálxicos do poder, senón anulalos. A súa loita non é política, senón anti-política.

Na Modernidade, Estado e política van forzosamente unidos ao sistema opresor do traballo e por iso teñen que desaparecer canda el. O conto dun renacemento político é só o intento de arrastrar a crítica do terror económico cara a unha actuación positiva relacionada co Estado. Mais autoorganización e autodeterminación son exactamente o contrario de Estado e política. A conquista de espazos socioeconómicos e culturais libres non se realiza mediante atallos, camiños obri-

gatorios e traxectorias políticas erradas, senón que se realiza constituíndo unha contrasociedade.

Liberdade non significa nin deixarse desecar polo mercado nin deixarse administrar polo Estado, senón organizar o social de maneira autoxerida –sen mediación de aparatos alienados–. Neste senso, para os adversarios do traballo trátase de atopar novas formas de mobilización social e de construír pontes que permitan unha reprodución da vida máis aló do traballo. Significa unir as formas da práctica contrasocial coa negación ofensiva do traballo.

Que as forzas dominantes nos chamen tolos porque nos arriscamos a rachar co seu irracional sistema de obrigas. Non temos máis que perder que a visión da catástrofe á que nos dirixen.

Alén do traballo, temos un mundo por gañar.

PROLETARIOS DE TODOS OS PAÍSES, DEIXÁDEO!



Esta primeira edición de 300 exemplares
de 'Manifesto contra o traballo'
do Grupo Krisis
composta en MInion pro
saíu do prelo en xullo
de 2009.

